

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

24 de novembro de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e dezaseis minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasaola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D^a. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP) que escusa a súa ausencia.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8081.- **ACTAS ANTERIORES**



Sr. Presidente.- E como primeiro punto da orde do día é a aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións ordinaria e extraordinaria dos días 27 de outubro e 10 de novembro. Ten a palabra o voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Unha cuestión de orde ou unha aclaración. Estamos, estamos, vamos, preocupados por un matiz, pero que non é tan matiz, porque o que se acaba de ler fíxose como Declaración Institucional, quedárase de falar cos grupos, foi fóra do Pleno, se fora dentro do Pleno ou estaba pactado entre os grupos ou non se podería levar como Declaración Institucional. Entón, non sei se é unha Declaración Institucional, non o é, non teríamos ningún problema en subscribila pero ninguén se dirixeu a nós. Entonces, digo que se aclare eso, porque senón, bueno, ábrese unha espita, que estemos calados diante dunha declaración institucional que non é tal, repito, sen ter ningún problema con ela, ¡eh!, repito, que quede claro. Pero é unha cuestión de procedemento que creo que pode ter a súa relevancia, neste caso non a ten pero pode tela.

Sr. Presidente.- No referente ó borrador das actas. Vale. ¿Votos a favor da aprobación do borrador das actas das sesións ordinaria e extraordinaria de 27 de outubro e 10 de novembro? Queda aprobada entendo que por unanimidade. ¿Votaches a favor, non?, si, si, no, arriba, atrás. Ben.

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións ordinaria e extraordinaria dos días 27 de outubro e 10 de novembro.

a) Parte resolutiva:

2.8082.- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A CONCLUSIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DUN ACORDO MARCO QUE REGULE A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2023069184 – 2023036794)**

Sr. Presidente.- Segundo punto da orde do día. Aprobación do expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun Acordo



Marco que regule a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación. Ten a palabra o voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Bos días. O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais dispón dun Acordo Marco que regula a contratación das obras de conservación dos firmes na Rede Viaria da Deputación de Pontevedra. O devandito Acordo Marco xa non cumpre coas necesidades que actualmente precisa o Servizo de Infraestruturas e faise necesario iniciar a tramitación dun novo Acordo Marco. Solicítase iniciar a tramitación do expediente de contratación para a conclusión do Acordo Marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. Prevese que o novo Acordo Marco terá unha duración dun ano, sendo o valor estimado anual de 3,6 millóns de euros con posibilidade de ata un máximo de tres prórrogas anuais. O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acordou aprobar o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, do Acordo Marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, cun orzamento base de licitación de 4.443.000 euros con IVA engadido. Aprobar o prego de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas que rexerán en dito procedemento como norma do contrato. Autorizar ao mesmo tempo o gasto por importe de 4,4 millóns de euros con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento do ano 24. Y delegar, por razóns de celeridade, na Xunta de Goberno Provincial todas as cuestións de contratación. Así mesmo iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando pois o prazo, a duración de finalización do mesmo e anuncio de licitación na oficina de publicacións do Boletín da Unión Europea. Rematei Presidente.

Sr. Presidente.- Moi ben. Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o voceiro do Grupo do Bloque Nacionalista D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Non me, non contestou a un fallo de protocolo, ao que lle dixen antes, a unha cuestión de orden, pero bueno. Este tipo de, vamos, de contrato para manter as vías provinciais en bo estado foi un diseño, verdá, do, vamos, do anterior, dos anteriores mandatos, que demostrou estar funcionando moi ben. Obviamente, nós vamos a votar a favor porque cremos que é un bo instrumento para ter as vías provinciais en moi bo estado.



De feito mellorou radicalmente, ¿non?, mellorou dunha maneira elevada. O que nos sorprende é que sendo esto unha obra, sendo un diseño e unha obra de unha persoa que entrou como Director de Infraestruturas, por un concurso público, non, vamos, por méritos e demais, e fixo un traballo extraordinario, é isto, por exemplo, que agora ustedes continúan, é unha das súas grandes obras, pois que o chimpan sen ningún motivo, francamente, cando se están aproveitando do seu traballo e cando fixo un gran traballo, francamente non o entendemos, pero bueno, é cousa súa, se poden facelo fágano, pero resulta que os mesmos feitos, ou sea que traen aquí seguir co seu traballo, recoñecen que foi un gran labor, que botar esto a andar non foi nada fácil, foi un traballo de moitos meses e de anos que fixo Daniel Romay, pois agora collan e aproveiten, cando é unha persoa que gañou o concurso, non ten ningunha vinculación nin é de confianza, nin ten ningunha vinculación, simplemente ten unha gran competencia profesional. En todo caso desde aquí quero agradecerlle o que fixo polas vías da Deputación, e agardemos que quen veña detrás teña a mesma capacidade e teña sorte, pero non logramos entender como un traballo tan bo como se fixo e que foi el quen o propuxo e quen o dirixeu, pois agora o quiten. Bueno, son decisións que non alcanzamos a entender, parece que todo o que fixo un traballo bo, independente, profesional, non vinculado a ningunha, vamos a ningunha organización nin grupo político, senón simplemente por capacidade e mérito parece que os teñen que ir eliminando, non o entendemos.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra Dona Ana, si, si, é que me aparecía na pantalla e non mirara, por eso, Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Bueno, bos días a todos e a todas. Gracias Presidente. Estamos diante dun asunto que para o Partido Socialista, o Partido Socialista concede gran importancia, pois é froito dunha labor, dun labor modernizador que culminamos nos dous mandatos anteriores e que supuxo un salto cualitativo na conservación dos 1.700 quilómetros de Rede provincial de estradas. Se hoxe as estradas provinciais son as mellor conservadas de toda a provincia, débese en parte á decisión política de poñer en marcha este sistema de Acordo Marco para garantir a atención continua á Rede. Porque ninguén pode negar, nin sequera o Partido Popular, cando estaba na oposición, que as estradas da Deputación están moito mellor conservadas que as da Xunta, as que con moita diferenza se atopan en peor estado, e tamén que as do Estado, que evidentemente tamén necesitan dun importante investimento para mellorar o seu firme. Neste 25 de novembro de 2023, quedan xa lonxe os tempos nos que o Partido Popular excitaba e vivía da



confrontación a propósito do Parque de Maquinaria, aquel modelo que herdamos no ano 2015 e no que ser veciño dun determinado concello desta provincia, da Comarca do Salnés, era mérito para acceder a un posto de traballo na Deputación e moi especialmente ó Parque de Maquinaria. A situación hoxe é ben distinta, estamos de feito a piques de inaugurar unhas novas instalacións do Parque de Maquinaria en Barro, estamos seguros que o Sr. Presidente presumirá, dende logo, igual que presume doutras obras, de premios e recoñecementos que seguen chegando a esta Deputación froito da xestión do anterior goberno provincial, e, pois en gran medida vivir de rentas que é un pouco tamén vivir do conto, e vostedes niso son especialistas. Nas estradas provinciais teñen moita materia para presumir e seguir colgándose medallas, pois teñen proxectos en marcha de abondo e unha provincia que hoxe é unha referencia en toda España. Hoxe estamos aquí para adxudicar un novo contrato marco que terá unha duración dun ano prorrogable por outros catro; un contrato que terá un tipo de licitación para este ano de 4.443.067 euros, e que pode chegar se se esgotan as prórrogas aos 14,6 millóns de euros, seguindo o noso modelo, manteñen a mesma división da provincia, dos mesmos islotes, cousa que nos parece correcta, na medida en que se continúa cun modelo que quedou fixado no anterior mandato, un modelo de éxito. Resulta gratificante que como sempre o Partido Popular se sume, se suba ao carro como sempre tarde, hoxe votarán a favor, polo tanto, benvidos e benvidas. Queremos tamén valorar o gran traballo do responsable de Infraestruturas, que agora cesa, polo rigor, polo bo facer e pola herdanza que deixa nesta casa dun traballo riguroso e con capacidade técnica e solvencia suficiente que está claramente acreditada. Nós votaremos por suposto a favor, cousa que non sorprende a ninguén. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas Gregorio. Procedemos á votación deste segundo punto da orde do día que é a aprobación do expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun Acordo Marco que regule a contratación das obras de conservación de firmes na Rede Viaria da Deputación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Resultando.- Que entre as competencias propias da Deputación Provincial de Pontevedra, recollidas polo lexislador na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atópanse o asegurar a prestación integral adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, así como a mellora substancial das infraestruturas da provincia.



Resultando.- Que en relación co anterior e de acordo co disposto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, corresponde a esta Administración a conservación e xestión das estradas provinciais.

Resultando.- Que dentro destas labores de conservación ten especial relevancia a necesidade de conservar e preservar as características superficiais e estruturais dos firmes da rede de estradas provincial, tanto por motivos de vialidade como por motivos de seguridade viaria.

Resultando.- Que o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais dispón dun Acordo Marco que regula a contratación das “Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”. O devandito Acordo Marco xa non cumpre coas necesidades que actualmente precisa o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, faise necesario iniciar a tramitación dun novo Acordo Marco.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: SIFTB41BDQ9TU4M2, solicitando iniciar a tramitación do expediente de contratación para a conclusión do “Acordo Marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que o Acordo Marco está dividido en 6 lotes, onde se integran as estradas provinciais agrupadas por concellos, aínda que hai concellos compartidos en varias zonas, sendo a distribución dos lotes e dos seus importes anuais, os seguintes:

Número	Denominación	Importe estimado (IVE INCLUÍDO)
1	Lalín, Dozón, Rodeiro, Agolada, Vila de Cruces	649.959,99 €
2	Silleda, A Estrada, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Caldas de Reis, Cuntis, Valga, Pontecesures, Catoira	873.283,85 €
3	Barro, Caldas de Reis, Portas, Cambados, O Grove, Sanxenxo, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilanova de Arousa, Illa de Arousa	636.339,15 €
4	Pontevedra, Vilaboa, Ponte Caldelas, A Lama, Cerdedo-Cotobade, Barro, Poio, Cangas Moaña, Marín, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, Soutomaior, Moraña, Campo Lameiro	873.701,92 €
5	Salceda de Caselas, Pazos de Borbén, Tui, Pontearreas, Salvaterra de Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, A Cañiza, Covelo, Arbo, Crecente	724.767,48 €
6	Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, Porriño, Salceda Caselas, Mos,	658.015,59 €



Número	Denominación	Importe estimado (IVE INCLUIDO)
	Redondela, Tui, Tomiño, Oia, O Rosal	

Resultando.- Que segundo se recolle no PCAP, prevese que o Acordo Marco terá unha duración dun ano, sendo o valor estimado anual de 3.671.959,23 € e podendo prorrogarse anualmente, ata un máximo de tres prórrogas, sendo polo tanto os valores estimados dos lotes os seguintes:

	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4	Lote 5	Lote 6
Valor Estimado ANO 2024	537.156,27 €	721.722,19 €	525.900,12 €	722.067,70 €	598.981,39 €	566.128,56 €
Prórrogas (3)	1.611.468,81 €	2.165.166,57 €	1.577.700,36 €	2.166.203,10 €	1.796.944,17 €	1.698.385,68 €
Valor estimado LOTE	2.148.625,08 €	2.886.888,76 €	2.103.600,48 €	2.888.270,80 €	2.395.925,56 €	2.264.514,24 €
VALOR ESTIMADO TOTAL				14.687.824,92 €		

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RCFUT1:

LOTE	NÚMERO OPERACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
1	202300118563	23/456.4530.612.01	649.959,09 €
2	202300118564	23/456.4530.612.01	873.283,85 €
3	202300118564	23/456.4530.612.01	636.339,15 €
4	202300118566	23/456.4530.612.01	873.701,92 €
5	202300118567	23/456.4530.612.01	724.767,48 €
6	202300118568	23/456.4530.612.01	685.015,56 €

Resultando.- Que consta no expediente memoria xustificativa emitida polo Xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto recollido no artigo 131.2 da LCSP.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: RICFA9BVKEYQDJO9 o preceptivo informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 60Q7GL47CC7749O4, informe de fiscalización do expediente.



Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil do contratante.”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto (...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”.

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interior e Facenda acorda por unanimidade:



1. Aprobar o expediente de contratación para a conclusión mediante procedemento aberto do “Acordo Marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” cun orzamento base de licitación de 4.443.067,05 IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4	Lote 5	Lote 6
Importe (Sen IVE)	537.156,27 €	721.722,19 €	525.900,12 €	722.067,70 €	598.981,39 €	566.128,56 €
IVE (21 %)	112.802,82 €	151.561,66 €	110.439,03 €	151.634,22 €	125.786,09 €	118.887,00 €
Prezo Total (IVE incluído)	649.959,09 €	873.283,85 €	636.339,15 €	873.701,92 €	724.767,48 €	685.015,59 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o CSV: BFCN8GB2VEN5JRX0 e de prescricións técnicas con CSV: TY4DH5VUMCI8AOZN, que rexerán en dito procedemento coma lei fundamental do contrato.
3. Autorizar o gasto por importe de 4.443.067,05 €, con cargo á aplicación orzamentaria 456.4530.612.01 do orzamento do ano 2024.
Dado que se trata dunha tramitación anticipada, deberá quedar condicionada á aprobación do orzamento para o exercicio 2024 e á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do Acordo Marco.
4. Delegar por razóns de celeridade na Xunta de Goberno provincial:
 - A aprobación da clasificación das propostas que efectúe a mesa de contratación, os requirimentos e demais trámites previstos nos artigos 150 e 151 da LCSP.
 - A incoación do expediente de resolución do contrato. O Pleno resérvase, no seu caso, o acordo de resolución.
 - A aprobación dos proxectos e a adxudicación dos contratos derivados.
 - A incoación e resolución das incidencias, que se produzan na execución do contrato que non conleven a resolución do mesmo, en particular as relativas ao incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións que poidan ser obxecto da imposición de penalidades.
 - Os demais actos de trámite que conleven a adxudicación e execución do contrato.



5. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, indicando que o prazo de presentación de ofertas rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

3.8083.- **RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO EXERCICIO 2023 (EXPTES. 2023069187 – 2023059734 – 2023034449)**

Durante o debate deste asunto, sendo as 12:30 horas, incorpórase á sesión a Sra. Deputada Dona Ana Laura Iglesias González.

Sr. Presidente.- Pasamos ao terceiro punto da orde do día que é “Resolución de reclamacións e aprobación definitiva do expediente de modificación do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo do exercicio 2023”. Ten a palabra o voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben, por dar unha breve explicación do punto, resultando que mediante escrito presentado na sede electrónica da Deputación a Delegada de Persoal da Sección sindical da UXT, nesta casa, presentou unha reclamación contra a modificación do Cadro de persoal e Relación de postos de traballo, proposto e aprobado no Pleno da Corporación Provincial celebrado o pasado mes de setembro, e concretamente contra o encadramento de dúas prazas de nova creación de Auxiliar Técnico Xurídico, solicítase a corrección do erro detectado no mencionado acordo, no sentido de modificar o encadramento de dúas prazas de Auxiliar Técnico Xurídico, do subgrupo C1 do Cadro de Persoal, desbotando a actual clasificación na Administración especial para integralas dentro da escala de Administración xeral. Pois ben, á vista do exposto, considerando o informe do Servizo de Recursos Humanos conformado por Secretaría Xeral, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda manter o encadramento das devanditas prazas, de Auxiliar Técnico Xurídico, na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, e desestimar a reclamación presentada pola Delegada da Sección Sindical de UXT contra a modificación do Cadro de Persoal da Deputación de Pontevedra proposto.



Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o voceiro D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Eu, nós dixémoslle nun Pleno pasado que tivera coidado cos incendios que lle montaban os seus, ¿non?, e que non debíamos converter esta cámara, que lle chamou usté cámara, que non é unha cámara que é unha corporación, nun foro de máxima relevancia política, non debíamos esquencer que nós non estamos elixidos polos cidadanos, polo tanto, debíamos ser un pouco prudentes. Están sucedendo moitísimas cousas que son cando menos sorprendentes, ¿non?. Se se mete un erro, supoño que é un erro, cunha convocatoria aínda que se nos manda vir de garabata e resulta que non se corrixe, resulta que hoxe topámonos que a maioría do PP vén sen garabata, non lle fan caso, nono corríxen, ¿non?; e se nos topamos que esta Deputación convoca un Pleno extraordinario urxente para debater para seguir a campaña do Partido Popular, o de Madrid, resulta que os seus alcaldes non lle siguen, non lle siguen, ningún o convocou, ningún dos alcaldes que hai aquí convocou ningún Pleno extraordinario e urxente, metérono na orde do día dos Plenos ordinarios, ou sea, quere dicir que esto están facendo, están utilizando a Deputación como un foro estritamente político, e eso comprenderá pois todos vamos a actuar, ¿non?, todos vamos a facer o mesmo, se é que vostedes empezan por facelo, que creo que non lles convén, pero é cousa súa, pois obviamente tamén o vamos a facer. Mire, a política de persoal, os que levamos moitos anos sabemos que é unha relación entre o goberno e os sindicatos, entre os sindicatos e o goberno e normalmente o que son os grupos políticos na oposición pois bastante temos con seguila e manter un punto de equilibrio, bastante temos, eso é unha lección que normalmente nunca sales ganando, pero comprenderá que non o vou a facer, pero podía facelo e que si o seu Vicepresidente se dedica a encender os ánimos do persoal do concello nos Plenos e buscar aplauso fácil, eu tamén o podía buscar, non o vou facer, non o vou facer, non o vamos a facer, e verdade que a intervención non a vai buscar en ningún momento como fai, como fai, pero estamos ante unha Relación de postos de traballo que levan na Deputación os sindicatos pedindo bastantes anos que se faga unha nova, que se faga unha nova, ¿vale?, o seu Vicepresidente alí di que se faga unha nova e que á parte se poña cartos, traducido, porque esto do, esto das relacións sindicais na administración é unha cousa moi rara, a RPT significa queremos que nos suban a todos, eso é o que significa facer unha nova RPT, queremos que nos suban a todos. Ben, probablemente vaia a ter usté aquí un incendio buscado, ou sea, de



rebote e buscado da intervención do seu Vicepresidente na, vamos no Concello de Pontevedra pola permeabilidade que hai, pola permeabilidade que hai, ¿eh?, e andan buscando, á parte de pois acusar aos bombeiros, que o dixeran no Concello de Pontevedra, polo tanto o repito aquí, de estar cometendo un delito por deixar abandonado o servizo e non cumprir os servizos mínimos; é buscar, buscar incendios onde non se deben buscar ou polo menos interferir, se o incendio xa está, pois intentar apagalo como sexa pero non buscar, non buscar, digamos, dende a oposición a cuestión fácil de buscalo. Ben, nós como votamos o mesmo na, votamos en contra, vamos a mandar en contra da aprobación definitiva da RPT, e, repítolle, por se quere alguén escoitalo, a nosa intención non é meternos nas relacións laborais que son estritamente entre o goberno e os sindicatos. Non é, agora, se se nos obriga a converter nun foro político pois teremos que actuar exactamente, porque nos abren a espita e nos obrigan, non por ganas nin por gusto, xa o saben e tal. Entonces, pénseno, fáleno entre ustedes e teñan coidado porque hai un incendio aquí na Deputación cos bombeiros bastante peor que aí no Concello de Pontevedra. E repito, non vamos a entrar nesa demagogia, non o vamos a facer.

Sr. Presidente.- Moi ben, Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra D. Jesús Vázquez Almuíña, deputado, referente a ...

Sr. Vázquez Almuíña.- Si, moi bo día. Non, un pouco por alusións, dicía o deputado portavoz do BNG sobre o tema da RPT, a RPT se pode modificar como se está facendo nesta Deputación e se quere seguir facendo para adaptar a flexibilidade que necesitan todos os servizos que dá esta Deputación. Ese é un criterio que se aplicou sempre, porque a RPT é antiga. Outro criterio é o que comenta o Deputado que é facer unha nova RPT. Nós consideramos que é moito máis áxil para todos, tanto para os servizos que dá a Deputación como o que necesitan os traballadores e facer modificacións de forma áxil en cada momento, que debe coincidir ademais co criterio que tiña o anterior equipo de goberno, porque durante oito anos si figuraba unha partida presupuestaria para facer unha nova RPT pero non a fixo, co cal eu creo que pode ser un criterio, acercar un ao outro, nós cremos como, coincidindo seguramente co goberno vós destes oito anos, que adaptalo e ser flexibles ano a ano como estamos facendo creo que seguramente é moito máis positivo. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moi ben. Moitas graza Sr. Jesús. Non sei si, si, ten a palabra de novo D. César Mosquera.



Sr. Mosquera Lorenzo.- Ben, grazas Sr. Presidente. Correcto Sr. Deputado delegado, correcto, estou de acordo con usted, pero é que resulta que leo hoxe a prensa, xa o sabíamos con antelación, leo hoxe a prensa e verá que antigüidade, máis ou menos son da mesma antigüidade a RPT de aquí que a do Concello de Pontevedra, ¿vale?, que ese criterio non é suficiente para facer unha nova RPT, compartímolo, pero o seu Vicepresidente non o comparte, di o contrario, ese é o problema, ¿entende?, o convenio colectivo de aquí é máis antigo que o do Concello de Pontevedra, pero a argumentación é, como é moi antigo entón hai que facer unha nova, unha nova RPT sabemos o que significa, non é axustar e mellorar o que hai, significa subida xeralizada para todos, eso é o que significa. Cando os sindicatos falan da nova RPT falan deso, co eufemismo de falar da nova RPT, pero o seu Vicepresidente está de acordo en que se faga, ou sexa, que é ilegal por outro lado, pero bueno, está de acordo, comparto absolutamente e agradézollo profundamente as súas palabras, agradézollas profundamente, pero que quede claro o que significa, que hai quen está facendo demagogia cando está na oposición e quen cando goberna pois actúa con responsabilidade, ¿correcto? Pois iso é o que quería deixar claro e as súas palabras agradézollas profundamente.

Sr. Presidente.- Ben, por alusións. Bueno, agora solicita a palabra o voceiro do Grupo Socialista Carlos López Font.

Sr. López Font.- Gracias, gracias Presidente. Simplemente a los efectos más bien de una cuestión de orden, nosotros votamos en contra de la RPT por muchos motivos, en la aprobación inicial y por lo tanto en esta parte también evidentemente votamos en contra, lo que ocurre es que no estamos de acuerdo en el procedimiento que se está siguiendo en este debate. Tienen ustedes que pensarse quién interviene y quién replica, lo que no puede ser y nunca ha sido así, Sr. Vázquez Almuíña, es que el que defiende un punto en concreto es el que contesta, porque claro, podemos llegar al ridículo de que inicie el Sr. Cubela, intervenga usted ahora y a continuación intervenga outro deputado o diputada porque considere que tiene que intervenir. No, esto no funciona así, el que defiende el punto es el que tiene que contestar, porque sino ya digo, podemos llegar a situaciones ciertamente esperpénticas, entonces todo esto está muy bien pero, ya digo, piénsense antes quién es el que interviene defendiendo el punto para que a continuación sea el que conteste porque sino esto ciertamente, y permítanme la broma, va a ser un cachondeo.



Sr. Presidente.- Ben, ao respecto dicir que a intervención do Deputado delegado foi por alusións, senón o Grupo Provincial do Partido Popular pois non iba a intervir. Dito isto, eu lle pediría ao Sr. Mosquera precisión nos datos cando se fan manifestacións do tipo que non houbo ningún concello, ningún alcalde, que celebrara Plenos como o que houbo aquí o pasado luns, do cal vostedes pois escaparon do debate porque era difícil xustificar moitos pactos e a defensa da Constitución, a desigualdade entre os españois, aquí véñse ao debate en función do que haxa que debater. Por exemplo, un concello que celebrou Pleno antes da Deputación de Pontevedra foi o de Vilanova de Arousa, logo non son todos os alcaldes ... Ben, procedemos á votación deste terceiro punto da orde do día que é a Resolución de reclamacións e aprobación definitiva do expediente de modificación do Cadro de persoal e da Relación de postos de traballo do exercicio 2023. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda aprobado por voto de calidade, -¿que?, ¡ah!, vale, si, si, perdón, perdón-. Ben, procedemos, hai empate, procedemos á votación de novo. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado, agora si, co voto de calidade do Presidente.

Resultando que mediante escrito presentado na sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra o 02/11/2023, nº 2023060476, Dona Patricia García Martínez, con DNI nº ***7900**, en calidade de delegada de persoal da Sección Sindical de UGT na Deputación de Pontevedra, presenta reclamación contra a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo, aprobada no Pleno da Corporación Provincial celebrado o pasado 29/09/2023, e concretamente contra o encadramento de dúas prazas de nova creación de auxiliar técnico/a xurídico/a, alegando o seguinte:

- Na Mesa xeral de Negociación defendeu a clasificación de ditas prazas na escala de Administración Xeral, e puxo como exemplo á Xunta de Galicia onde o corpo de letrados/as é unha escala técnica encadrada dentro da Administración Xeral, ao igual que o persoal administrativo de apoio á asesoría xurídica (prazas de C2, C1, A2 e A1). De aí que votase a favor da modificación, sen prexuízo da necesidade de rectificar a clasificación de ditas prazas.
- A regulación contida no artigo 167 do RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), relativo á clasificación e encadramento das prazas nas escalas de Administración Xeral e Especial, o artigo 74 do Texto



Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo RDL 5/2015, que constitúe a normativa básica sobre a estruturación da organización a través da RPT, o artigo 76 do TREBEP sobre a clasificación segundo a titulación esixida para o acceso; así como o art. 169.1. do citado RDL 781/1986 sobre as funcións da Escala de Administración Xeral e Administración Especial.

- A disposición adicional 8ª da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, que encadra dentro da Administración Xeral a escala de letrados na administración autonómica, ás que atribúe as funcións de asesoramento en dereito e representación e defensa en xuízo en todo tipo de procesos xudiciais.
- A Disposición Adicional Novena, relativa ao subgrupo C1 da administración especial, que non inclúe ningunha referencia a escalas relacionadas co ámbito xurídico ou de tramitación xeral de procedementos administrativos ou xudiciais.
- O cadro de persoal de diversas entidades locais nas que existe diversidade na clasificación das prazas de letrados e encargadas da asesoría xurídica (grupos A1), que aparecen abertas indistintamente dentro da Administración Xeral ou Especial, non atopando ningún caso persoal administrativo e técnico adscrito a estas unidades administrativas (grupos C2, C1 e mesmo técnicos/as do grupo A).
- A Disposición Adicional Novena non regula dentro do subgrupo C1 da Administración Especial ningunha das escalas relacionadas co ámbito xurídico ou de tramitación xeral de procedementos administrativos ou xudiciais, estando todo o persoal de apoio clasificado dentro da Administración Xeral .
- Por iso parécelles errado e sen base normativa dita clasificación na escala de administración especial, por esixirse unha titulación xeral como é o bacharelato e porque as tarefas de apoio ao desenvolvemento de procedementos contencioso-administrativos, encádranse, segundo o disposto no art. 41 da Lei de Emprego Público de Galicia, e no art. 169.1 do RDL 781/1986, dentro das funcións previstas para o corpo administrativo da Administración Xeral : funcións de colaboración, preparatorias ou derivadas das tarefas propias do corpo superior e do corpo de xestión (neste caso, a asesoría xurídica da Deputación), a proposta de resolución de procedementos normalizados que non correspondan ao corpo superior ou ao corpo de xestión, a comprobación, xestión...
- O Tribunal Supremo segue a liña doutrinal de entender que o relevante para que proceda a adscrición en exclusiva é a singularidade do posto, é dicir, a natureza das funcións (STS 476/2015).



Resultando que en base ao exposto, solicita a corrección do erro detectado no mencionado acordo, no sentido de modificar o encadramento das dúas prazas de auxiliar técnico/a xurídico/a, do subgrupo C1, no cadro de persoal, desbotando a actual clasificación na administración especial, para integralas dentro da escala de Administración Xeral.

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial celebrado en data 29/09/2023 modifícase o cadro de persoal e relación de postos de traballo da Deputación de Pontevedra, debido á creación de dúas prazas de auxiliar técnico/a xurídico, clasificadas no subgrupo C1, con postos de traballo e igual denominación, dotados do nivel 20 de complemento de destino e adscritos ao Servizo de Asesoría Xurídica.

Resultando que dito acordo publícase no Boletín Oficial da Provincia do 03/10/2023, fixándose un prazo de vinte días hábiles a efectos de reclamacións, suxestións ou alegacións.

Considerando que a delegada de persoal da Sección Sindical de UGT formula alegacións, en tempo e forma, á modificación do cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial, aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 29/09/2023, de conformidade co establecido no artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do Emprego Público de Galicia.

Considerando que a reclamación xira en torno ao encadramento de dúas prazas de nova creación, de auxiliar técnico/a xurídico/a do subgrupo C1, correspóndese na Escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, ou na Escala de Administración Xeral, subescala administrativa.

Considerando que o encadramento das prazas de Administración Local no cadro de persoal da Deputación Provincial efectúase de acordo co previsto no Real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), tendo en conta os seguintes artigos:



- Artigo 169.1: Corresponde aos funcionarios da Escala de Administración Xeral o desempeño de funcións comúns ao exercicio da actividade administrativa. En consecuencia, os postos de traballo predominantemente burocráticos haberán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de xestión, administrativos ou auxiliares de Administración Xeral. Pertencen á Subescala Administrativa de Administración Xeral os funcionarios que realicen tarefas administrativas, normalmente de trámite e colaboración.
- Artigo 170.1: Terán a consideración de funcionarios de Administración Especial os que teñan atribuído o desempeño das funcións que constitúen o obxecto peculiar dunha carreira, profesión, arte ou oficio.
- Artigo 171.1: Pertencen á Subescala Técnica de Administración Especial os funcionarios que desenvolvan tarefas que son obxecto dunha carreira para cuxo exercicio esixen as leis estar en posesión de determinados títulos académicos ou profesionais.
- Artigo 172: Pertencen á Subescala de servizos especiais os funcionarios que desenvolvan tarefas que requiran unha aptitude específica e para cuxo exercicio non se esixa, con carácter xeral, a posesión de títulos académicos ou profesionais determinados, engadindo que, sen prexuízo das peculiaridades de cada Corporación, comprende as seguintes clases: Policía local e os seus auxiliares, Servizo de extinción de incendios e Cometidos especiais.
- Artigo 174: Comprenderase na clase de Cometidos Especiais ao persoal das Bandas de Música e os restantes funcionarios que realicen tarefas de carácter predominantemente non manual, non comprendidas no artigo 171.1 (subescala técnica), nas diversas ramas ou sectores de actuación das Corporacións Locais, subdividíndoas, segundo o nivel de titulación esixido.

Considerando que neste caso, o encadramento de ditas prazas de auxiliar técnico/a xurídico/a, do grupo subgrupo C1 na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, xustifícase na especialidade da actividade a desenvolver, ao atribuírselles funcións diferentes ás que corresponden á escala de Administración Xeral, subescala administrativa, xa que non tramitan procedementos administrativos, se non que realizan tarefas de contido procesual, de auxilio e apoio á xestión procesual de acordo coa normativa propia do procedemento xurisdiccional que corresponda, dando soporte ó labor do letrado do Servizo de Asesoría Xurídica, e encargándose do sistema informático de telecomunicacións Lexnet para a presentación de escritos e documentos, contestacións, traslado de copias, recepción e realización dos



actos de comunicación procesual por medios telemáticos, envío dos expedientes, etc.

Considerando que dita especialidade reflíctese na proposta da xefatura do Servizo de Asesoría Xurídica, cando ao facer alusión ao contido das prazas, para proceder a súa cobertura interina, sinala que nestes momentos ten en trámite múltiples procedementos xudiciais de todos os Servizos da Deputación Provincial, tales como Contratación, Infraestruturas, Turismo, Príncipe Felipe, Cooperación, Cultura, procedementos penais por danos a infraestruturas viarias e en materia de recursos humanos. A totalidade dos preitos inclúen o estudo da pretensión, contestación ou interposición da demanda, proposición de proba, asistencia a práctica da proba ou vista, formulación do escrito de conclusións e interposición dos recursos que procedan, todo iso ao marxe das pezas separadas e cuestións incidentais que se produzan. A modo exemplo e considerando os proveidos xudiciais diarios alcanzan en seis meses transcorridos á data da proposta os 315, actos xudiciais que precisan a súa clasificación, estudo e, no seu caso, alegación ou contradición cando non recurso. É por iso que dita especialidade require unha formación específica na materia, no tipo de procedementos xurisdicionais que leva o Servizo, que non proporciona o programa das prazas da escala de Administración Xeral, amén do coñecemento teórico e práctico da tipoloxía dos diferentes actos documentados xudiciais e a dos provintes do letrado/a da Administración de Xustiza, da súa estrutura e contido.

Considerando que outras prazas da Deputación de Pontevedra, de similares características, integráronse na mesma escala, subescala e clase, como a de auxiliar de servizos contenciosos, auxiliar de formación, auxiliar en documentación audiovisual, auxiliar de atención ao público, auxiliar de laboratorio, auxiliar de comunicación ou auxiliar de deseño gráfico, dada a especificidade das súas funcións.

Considerando que a estrutura de persoal dos Servizos Xurídicos doutras Administracións non condicionan a organización do Servizo de Asesoría Xurídica da Deputación de Pontevedra, que configura as prazas e os seus respectivos postos de traballo en atención á singularidade do servizo, os diferentes tipos de procedementos e normativa a aplicar.

Considerando que con independencia do encadramento da praza, a provisión do posto de traballo podería permitirse, como fan outras Administracións, a persoas



das dúas escalas, xa que a información que proporciona a delegada da sección sindical doutras RPTs refírese á provisión de postos de traballo, uns barrados ás dúas escalas e outros da escala de Administración Xeral. Cada Administración á hora de determinar as persoas que poden acceder a un determinado posto de traballo e identificar a escala de procedencia ten en conta a situación particular na que se atopa o persoal desa Administración, os diferentes tipos de prazas, encadramento, o perfil dos postos e das persoas que poderían optar e desempeñar correctamente o posto de traballo.

Á vista do exposto, considerando o informe do Servizo de Recursos Humanos, conformado por Secretaría Xeral, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos a favor do PP (co voto de calidade do Presidente en segunda votación) e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, manter o encadramento das prazas de auxiliar técnico/a xurídico/a na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais e desestimar a reclamación presentada pola delegada da sección sindical de UGT contra a modificación do cadro de persoal da Deputación de Pontevedra, aprobada no acordo plenario do 29/09/2023.

4.8084.- **PRÓRROGA DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2022 (EXPTE. 2021056329 - 2023069670)**

Sr. Presidente.- Seguinte punto da orde do día. Número 4. Prórroga do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022. Ten a palabra o voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben. Tendo en conta sobre o Plan Concellos que os investimentos incluídos na anualidade 2022 deberán estar executados o 31 de decembro deste exercicio e xustificados na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e non estando na data actual todos os proxectos xustificados, habendo nestes momentos máis de 228 investimentos pendentes de xustificar en Deputación dun total de 366, ademais de encontrárense en tramitación diversas actuacións relativas a pagamentos ou á substitución de proxectos subvencionables por outras actuacións que se estiman máis convenientes para os intereses dos concellos, propomos a adopción do seguinte acordo: Prorrogar o prazo para solicitar as subvencións por reinvestimento de baixas ou cambio de finalidade, ata o 31 de maio de 2024; Prorrogar o prazo de execución dos investimentos



incluídos na liña 1, a de investimentos, do Plan Concellos 22-23, da anualidade 22, ata o 30 de setembro de 2024; e Prorrogar tamén, asemade, o prazo de xustificación dos investimentos incluídos na liña 1, en investimentos, do Plan concellos 22-23, da anualidade 22, ata o 31 de outubro de 2024. Rematei Presidente.

Sr. Presidente.- Moi ben. Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Como vén sendo xa tradicional vamos, se fai esta prórroga, ás veces máis xustificado, outras veces menos, pero bueno, é xa tradicional porque o que se trata é de que os concellos poidan gastalo e polo tanto se lle dá. Vamos a votar a favor. E unha precisión, antes dixeran os alcaldes que están aquí, igual cos que viñan de garabata, pero dos alcaldes que están aquí ningún convocou Pleno extraordinario. Xa sabemos que un alcalde moi particular como o de Vilanova xa convocou, eso xa o sabíamos, ¡eh!, antes que aquí incluso, pero dixeran os alcaldes que están aquí, ou sexa que os do seu grupo nin lle siguen coa garabata nin lle siguen en convocar Plenos extraordinarios, é o que quería dicir, creo que dixeran bastante claro pero igual faltou algunha palabra para que quedara suficientemente nítido.

Sr. Presidente.- Ben, moitas grazas. Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Bueno, grazas Presidente. Buenos días a todas y a todos de nuevo. Presidente, la última intervención que hizo anteriormente esa si que era digna de alusiones. Tenga cuidado porque, ya digo, esa si que era digna de alusiones. Bien, en primer lugar quiero en nombre de nuestro grupo, del conjunto de los Diputados y las Diputadas del Partido Socialista, mostrar nuestra satisfacción por estar aquí, y mostrar nuestra satisfacción por estar en este Pleno democrático y que representa, aunque por la vía indirecta, la elección popular, y digo que es una satisfacción porque hemos comprobado que España no está rota, entonces es una alegría para nosotros el que haya una normalidad institucional, nada se ha roto, nada se ha resquebrajado, los trenes han tenido solución, y van a continuar, hoy se inicia la Navidad en toda España con el encendido de luces en Vigo, al que aprovecho, a la que aprovecho para invitarles a todos ustedes y como saben que a las alertas se les pone nombre, la alerta del lunes que se denominó alerta Cubela, sobre la rotura de España, pues no ha tenido ningún efecto ni ha habido ningún problema. Por lo tanto, sentarnos aquí en el Pleno



institucional y democrático ciertamente es una satisfacción, y me imagino que además es una satisfacción que comparten todos ustedes, de que España no se haya roto, de que España continúe institucionalmente su camino y seguro que están tan contentos como nosotros. Bueno, el anterior gobierno provincial siempre fue favorable a las prórrogas en las ejecuciones de las obras del Plan Concellos y los distintos planes extraordinarios que fuimos aprobando, de hecho la prórroga de los plazos, y lo decía un poco el Sr. Mosquera, bueno, justificados más menos, eran casi una norma de esta Diputación municipalista que trabaja para los concellos. Somos una administración local y al final ciertamente lo importante es que las obras se ejecuten. Bueno, esta Diputación durante los ocho últimos años se ganó, yo creo, un prestigio como entidad colaboradora de los concellos, haber llegado al 34% del presupuesto en transferencia directa a los concellos, creo que es la mejor prueba. Aquí en esta Diputación ha habido siempre la vocación de no retirar subvenciones salvo casos ciertamente extremos de incumplimientos muy grandes, no ocurre así, hay que decirlo en la Xunta de Galicia. Y creemos que no es esa la función, creemos que la función es precisamente lo que vamos a aprobar y solo en casos muy extremos, ya digo que esto se materializó. Sin embargo, prorrogar los planes de año en año, les avisamos por lo que es la gestión económica, repercute evidentemente en el grado de ejecución del presupuesto provincial. No es ningún secreto que el grado de ejecución del presupuesto que ustedes van a aprobar para el año 24 va a depender en gran medida del grado de ejecución de los concellos y de lo que hoy aquí nos proponen. Y digo todo esto, y digo esta advertencia porque, claro, durante ocho años hemos oído a los portavoces del Partido Popular en esta Diputación la matraca de que no ejecutábamos correctamente el presupuesto y de que el grado de ejecución era bajo. Pues ahora, bueno, se lo tendrán que hacer ver y pensar porque van a tener este problema y sobre todo porque oímos, que ya fue el colmo, oír al entonces Presidente de la Xunta de Galicia, Sr. Feijóo, criticar el grado de ejecución de esta Diputación cuando insisto corresponde a los concellos, hay casos, el de Rodeiro y el de Sanxenxo, en el que determinadas actuaciones han tardado hasta dos, tres años. Por lo tanto, nosotros vamos a votar a favor, estamos ciertamente expectantes por esos rumores en los que seguimos desconociendo cuál van a ser los criterios de reparto del plan menos provincia, y hay rumores de que ustedes quieren hacer determinados cambios, pero desde luego nosotros siempre pensando en los concellos, vamos a aprobar también y vamos a votar favorablemente en coherencia con lo que hicimos durante ocho años. Gracias.



Sr. Presidente.- Moi ben. Moitas grazas Sr. Font. Ten a palabra o voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Gracias Presidente. Sr. Font, es buenísimo que vengan tan felices de nuevo a este Pleno de la Diputación, es importante saber que ya se les pasó el agobio y, pues, la tristeza y la apatía de haber perdido la Diputación de Pontevedra en las urnas. La verdad es que están sobrados de luces, aprovechen hoy para prepararle la carta a los reyes magos, al nuevo Ministro de Transportes de su partido, que le acaba de mandar un gran recado a su alcalde, y que ocho años después de gobierno de Pedro Sánchez ya empiezan a reconocer que el ave a Vigo no se va hacer, Sr. Font. Mire, el PP siempre votó a favor de prorrogar la justificación del Plan Concellos en este Pleno, somos coherentes y en el gobierno vamos a aplicar lo mismo, haga las consideraciones en Pleno que estime convenientes, pero este gobierno va a escuchar a los alcaldes y va a hacer en consecuencia lo que mejor es para los municipios de la provincia. No tengo mucho más que extenderme en este punto, simplemente que, bienvenidos sean, los mismos que hace cinco meses decían que no, que no a la amnistía, que no era constitucional, que no habría indultos, hace un año, y también a los que dijeron que no iba a haber referéndum de autodeterminación. ¡Que Dios nos coja confesados fiarnos de ustedes! Porque todo está en marcha y ustedes ya están trayendo en vuelo charter en el Falcon a Napoleón de Waterloo. Rematé Presidente.

Sr. Presidente.- Ten a palabra D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Bueno, entonces, Sr. Cubela, ¿está feliz de que España no se haya roto, no?, le he entendido, no, no me conteste, deje, luego si quiere en los minutos finales me contesta. Entiendo que está feliz, entiendo que la alerta que quiso traer aquí a este monólogo del otro día, yo que le tengo aprecio personal a lo mejor ahora no es el momento, pero una vez que esto se vaya calmando y que pase el tiempo, a lo mejor conviene que mande retirar el vídeo de su monólogo del otro día, ya se que me va a contestar, que hoy está orgulloísimo, pero creo que con el paso del tiempo no estará tan orgulloso. Mire, no nos pasó ningún agobio, el día siguiente de perder las elecciones y de saber que ustedes iban a gobernar esta Diputación, ese mismo día lo asumimos. Le conviene leer mi discurso el día que el Sr. López fue elegido Presidente, es el discurso de un demócrata, en representación de un grupo, si, por mucho que se ría el Sr. Domínguez, de un demócrata, si, Sr. Domínguez, algo mayor en edad que usted,



y un demócrata desde hace muchos años, más vale que retirase ese gesto porque no le hacen falta ni palabras, ni palabras, ni palabras le hacen falta, estamos bastante hartitos de sus gestos. Bueno, pues decía que al día siguiente aceptamos el que ustedes iban a gobernar aquí, y vuelvo a decir el discurso de un demócrata no en singular y en personal, sino en representación de los nueve diputados que estamos aquí. Ese día lo asumimos, por lo tanto ningún agobio. Lo que si vemos es que los que ya contaban con quién iba a ser el Delegado o Delegada de Zona Franca en Vigo, el que contaba con no sé que Ministerios, el que contaba con quién iba a ser el Subdelegado o Subdelegada ese si que no lo ha admitido, ese si que continúa con el agobio de haber perdido un gobierno que otros han ganado en elecciones democráticas. Y en relación con las alusiones a las luces, un espectáculo de verdad maravilloso, que les recomiendo, de verdad, que lo tienen que ver. Y luego, Sr. Cubela, entre sus virtudes no está entender bien el sentido del humor, y es evidente que no ha entendido nada de lo que ha dicho el Ministro de Transportes. El Ministro de Transportes se reunirá con el alcalde de la ciudad de Vigo, como seguro que se reunirá con otros alcaldes, y espere a ver que ocurre, no haga de futurólogo, porque usted como futurólogo no se ganaba el sueldo, de verdad.

Sr. Presidente.- Ten agora, intervención D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, para rematar, simplemente, xa que tivemos a oportunidade de falar por introdución do Grupo Socialista deste tema, e agora dígoallo en galego, felicítense tamén pola condonación de máis de 15.000 millóns de euros, porque como recoñeceu o Ministro de Transportes na mesma entrevista era necesario e imprescindible para abordar a formación de goberno. Foi a negociación máis fraudulenta, máis antidemocrática, máis de costa ao prometido, ao dito i ao xustificado, en sede parlamentaria, ante os medios de comunicación, ante os militantes do seu partido, que viviu a democracia española. Sigán contentos i felices que os que van a pasar á historia por prostituír ó Poder Xudicial neste país, por levar a un país a amnesia colectiva foi o Partido Socialista de Pedro Sánchez. Xa os xulgará a historia pero os feitos están aí, vostedes van a romper un pacto que é o pacto constitucional que se deron todos os españois concesións de todas as ideoloxías e de todas as formacións políticas por catro votos, que neste caso son sete, Sr. Font, e como eu remato xa falaremos en persona deses consellos que me ten que dar.



Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Sr. Font, dicía vostede que sentía satisfacción por asistir hoxe ao Pleno, pois a satisfacción é recíproca por parte nosa porque hoxe se constata que por parte dalgúns grupos políticos se vai decidir asistir ao Pleno en función do que se debata. E logo, facía mención e poñía como exemplo un concello que eu de algo coñezo, que é Rodeiro, como exemplo de que tardou anos en xustificar. Non foi tardou anos en xustificar, o Concello de Rodeiro tivo que recurrir ao contencioso-administrativo contra a Deputación de Pontevedra para que se efectuara o pago dunha obra de máis de 300.000 euros e o xulgado lle deu a razón dúas veces e logo foi cando efectuou o pago a Deputación de Pontevedra. Sen máis procedemos á votación do punto número 4 da orde do día de hoxe que é Prórroga do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

O Plan Concellos 2022-2023, aprobado polo Pleno da Corporación provincial no seu acordo núm. 9.7707, de 26 de novembro de 2021, establece na súa base 21^a. que os investimentos incluídos na anualidade 2022 deberán estar executados o 31 de decembro de 2023 e xustificados na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. Non obstante, na data actual hai 228 investimentos pendentes de xustificar dun total de 366, ademais de encontrárense en trámite diversas actuacións relativas a pagamentos ou á substitución de proxectos subvencionables por outras actuacións que se estiman máis convenientes para os intereses do concello.

Debido a diversos motivos que determinados concellos lle expuxeron a esta Deputación, coma a falta de persoal, a demora na obtención das autorizacións administrativas ou dos permisos necesarios para executar as obras, a reformulación dos proxectos técnicos presentados coas solicitudes como consecuencia do cumprimento das cautelas impostas pola normativa sectorial e os procedementos de licitación que quedaron desertos polo incremento dos prezos das materias primas e que obrigaron a habilitar novos procedementos de contratación, non está sendo posible cumprir o horizonte temporal recollido nas bases reguladoras para os investimentos acollidos na Liña 1 da anualidade 2022.

Ás circunstancias desfavorables citadas no parágrafo anterior hai que engadirlle a paralización *de facto* da actividade administrativa con motivo da celebración das eleccións municipais de maio de 2023, a causa das limitacións legais propias dos períodos electorais, e a minoración da celeridade dos procesos de toma de decisións que implica o proceso de renovación das corporacións locais, polo que



os concellos se atopan con novas dificultades para rematar a execución das obras nos citados prazos.

Ademais, o Plan Concellos 2022-2023 recolle nas súas bases 17.^a e 19.^a a posibilidade de modificar os acordos e as resolucións de concesión cando concorran circunstancias excepcionais e os reinvestmentos das baixas producidas na mesma obra ou noutra distinta.

A propia natureza dos cambios de aplicación, que se producen de modo excepcional e non poden ser previstos na concesión, así como a tramitación de baixas das que, en principio, non se pode dar conta ata a finalización do procedemento de xustificación do investimento primixenio, implican un horizonte temporal máis longo do que se pode prever na concesión orixinal. Ademais, estes casos supoñen unha tramitación administrativa idéntica ás concesións orixinais, polo que semella difícil que todas elas se poidan realizar, executar e xustificar no prazo previsto inicialmente no plan.

A pesar de que non todos os concellos presentaron a solicitude de prórroga, estímase convinte facerlles extensiva a ampliación do prazo a todos os beneficiarios do plan por canto, en maior ou menor medida, todos se viron afectados pola mesma problemática. Deste modo, garántese a igualdade de trato e de condicións de execución e xustificación dos investimentos subvencionados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Conforme se establece na base 2.^a do Plan Concellos 2022-2023, as axudas que se arbitren a favor dos concellos rexeranse polo recollido nas propias bases reguladoras. Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 non se recolle unha previsión expresa respecto da ampliación dos prazos de execución e, no seu caso, de xustificación dos investimentos subvencionados. Non obstante, no artigo 70 do RLXS (de aplicación supletoria) establécese que, salvo precepto en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha



ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda a metade deste.

As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación serán os establecidos no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), no que se estipula que a ampliación, se as circunstancias así o aconsellan, deberá producirse antes do vencemento do prazo que se vai ampliar, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas e por un prazo que non exceda a metade do inicial.

Conforme o antedito, ao estimar xustificada a imposibilidade de realizar as obras subvencionadas no prazo de execución establecido, e tomando como referencia para o cómputo o prazo do que dispoñían os concellos desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes; é dicir, o 3 de marzo de 2022, ata o límite máximo de execución previsto nas bases reguladoras, o 31 de decembro de 2023, poderíase estender o prazo de execución ata o 30 de setembro de 2024 e o prazo de xustificación ata o 31 de outubro de 2024.

Segundo. En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento oportuno do procedemento.

A execución dos acordos de concesión e o libramento do crédito implican que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual isto non será posible se os créditos comprometidos na anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023 non se incorporan ao exercicio orzamentario 2024 e non se estende, polo tanto, a vixencia do plan.



De acordo co disposto nos artigos 182 do TRLRFL e 34 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, os créditos do exercicio 2022 do Plan Concellos 2022-2023 poderíanse incorporar ao orzamento de 2024, previa tramitación do correspondente expediente de incorporación de remanentes de crédito, unha vez aprobada a liquidación do orzamento xeral de 2023.

Terceiro. O procedemento de concesión das subvencións no marco do Plan Concellos 2022-2023, na anualidade 2022, foi o de concorrencia non competitiva, ao abeiro do recollido nas propias bases reguladoras e segundo o disposto no artigo 22 da LXS.

Nun procedemento de concesión de subvencións por concorrencia non competitiva, as solicitudes non se comparan entre si nin son obxecto dunha cuantificación ou valoración. No caso do Plan Concellos, a repartición dos incentivos económicos prodúcese con base nunha repartición aprobada polo Pleno, sempre e cando os concellos beneficiarios e as solicitudes presentadas cumplan as condicións establecidas nas bases reguladoras.

En consecuencia, a ampliación dos prazos non lle afecta á asignación do crédito entre os beneficiarios, non produce indefensión, non prexudica dereitos de terceiras persoas nin vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS, posto que todos os concellos da provincia beneficianse por igual da prórroga e da cooperación administrativa da Deputación.

Cuarto. Segundo a base 3ª. das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, o órgano competente para a aprobar estas bases foi o Pleno da Deputación, polo tanto será o mesmo órgano o competente para modificar a base 21ª., no referido á ampliación do prazo de execución e xustificación dos investimentos acollidos na Liña 1.

Visto todo o anterior, considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a aplicación dos créditos comprometidos dentro da Liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, na anualidade 2022, ata que se cumplan as actuacións subvencionadas, sen exceder, en todo caso, o 31 de outubro de 2024, dado que as circunstancias así o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas.



Á vista dos antecedentes e consideracións expostas; con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente, e de acordo cos informes da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: DUCS20GK273A5TGG), da Intervención provincial (CSV: FFCBD5TNTQ7BS7B9) e da Secretaría xeral (CSV: BIMMQO11VYAA20O) nos que se lle presta conformidade á proposta do Servizo de Cooperación e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Locais (CSV: 8BMMFZJPXQSEXCNT); de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por unanimidade:

1º. Prorrogar o prazo para solicitar as subvencións por reinvestimento de baixas ou cambios de finalidade, ata o 31 de maio de 2024.

2º. Prorrogar o prazo de execución dos investimentos incluídos na Liña 1, Investimentos, do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, ata o 30 de setembro de 2024.

3º. Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos incluídos na Liña 1, Investimentos, do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, ata o 31 de outubro de 2024.

5.8085.- **ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE PONTEVEDRA SOBRE INFRAESTRUTURA VIARIA E DE SERVIZOS PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO (EXPTE. 2021036318 - 2023069672)**

Sr. Presidente.- Pasamos ao quinto punto da orde do día. Addenda para prorrogar a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo. Ten a palabra o voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular Jorge Cubela.



Sr. Cubela López.- Agora. Reunida a Comisión de Seguimento deste Convenio entre a Deputación e o Concello de Pontevedra o 2 de novembro de 2023, acordouse por unanimidade prorrogar o prazo de vixencia do Convenio ata o 31 de decembro de 2024. Infórmase favorablemente da sinatura dunha addenda para prorrogar a vixencia de dito Convenio, estendendo a súa vixencia, como dicía antes, ata o 31 de decembro de 2024, conforme ás seguintes cláusulas. A Diputación Provincial e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital Montecelo, ampliándose o mesmo ata o día 31 de decembro de 2024, data na que deberá estar executada e xustificada a actuación. En todo o demais o Convenio asinado en data de 22 de outubro de 2021 mantén invariable as súas partes e o seu clausulado. Rematei Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o voceiro do Grupo Nacionalista César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Ben, grazas Sr. Presidente. Ben, creo que está claro o que significa, pero, digo unha aclaración, que non está na acta, é que para unha obra que iba ben, digo, con todas as chuvias, con todos os precios e demais, para unha obra que iba ben, que se remataba en prazo e demais, pois houbo unha incidencia que foi que o Sergas non comunicou, porque tamén hai que poñer, pluviais, recollida de pluviais e recollida de residuais, non comunicou, tardaba ata xuño, creo que foi, maio, donde había que enlazar, co cal hai que estar facendo esa obra, sería absurdo pois tapar, acabar a obra e despois levantala para pasar eses servizos, eso foi todo o que pasou, digo unha obra que iba, sorprendentemente nesta época, que iba ben en prazo e hai que prorrogala, agora xa está casi, está moi avanzada, e bueno, en todo caso pois agradecer, digamos, por parte do Concello de Pontevedra, aínda que eu aquí non estou como eso, pois que a Deputación pois teña, bueno, mantido ese compromiso e, bueno, que a obra se complete e siga adiante, que creo que é unha obra necesaria para que o Hospital de Pontevedra funcione da mellor maneira posible.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. Procedemos entón á votación deste quinto punto da orde do día que é Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.



ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido da creación dun novo viario de circunvalación de acceso ao futuro Hospital Gran Montecelo, que actuará, a modo de by-pass, como unha variante ao tráfico que actualmente circula pola avenida de Montecelo, coa finalidade de facilitar a circulación, os accesos rodados e os peonís ao novo equipamento hospitalario, para que poida atender axeitadamente a demanda de mobilidade que poida xerarse coa construción do novo centro hospitalario e a dotación de infraestruturas e servizos urbanos necesarios.
- Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra estableceron as pautas de colaboración para levar a cabo o “Novo viario ampliación Hospital Gran Montecelo” e así, en data 24/09/2021 o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 6.7672 polo que se aprobou o “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra sobre a infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo” no que se establece un orzamento de 1.369.951,30 € e cuxa financiación corresponde integramente á Deputación, correspondendo a cantidade de 700.000,00 € á anualidade 2021 e 669.951,30 € á anualidade 2022. O convenio foi asinado polas partes en data 22/10/2021.
- En data 27/10/2023, con núm. de rexistro WEB2023059723, o Concello de Pontevedra solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento, co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar a vixencia do mesmo ao preverse por parte do Concello que non será posible a execución e finalización no prazo estipulado na cláusula décima do convenio, isto é, o 31/12/2023.
- En data 02/11/2023 reúnese a Comisión de Seguimento deste Convenio de colaboración e, á vista do estado de execución real, e tendo en conta a necesaria suspensión da obra de “Evacuación das augas residuais e pluviais da ampliación do Hospital de Montecelo”, obxecto dun convenio de cooperación entre o Concello de Pontevedra e a Consellería de Sanidade e o Sergas, que repercute na execución do “Novo vial a Montecelo”, xa que interfere de cheo no seu trazado, que fai imposible o remate das obras comprometidas a día 31/12/2023, acorda por unanimidade prorrogar o prazo de vixencia do convenio ata o 31/12/2024, mantendo o resto das cláusulas do convenio.
- A cláusula décima do convenio contempla que no caso de imposibilidade de



remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024.

- Na data 06/11/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa a proposta de addenda e, pola súa banda, a Intervención provincial emite informe favorable o día 08/11/2023.
- O día 17/11/2023 someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a aprobación da addenda para prorrogar a vixencia do citado convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo.

Consideracións xurídicas



Competencia

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.
A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47^a e 48^a de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e



dos compromisos adquiridos.

- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.
- Cláusula 10ª do convenio, que indica que no caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, informo favorablemente a sinatura dunha “Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo” a fin de dar continuidade ao convenio asinado, estendendo a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial; e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar a “Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo”.



Non obstante, a presente aprobación queda condicionada á aprobación da addenda por parte do Concello de Pontevedra.

O texto da addenda literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA SOBRE INFRAESTRUTURA VIARIA E DE SERVIZOS PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DE MONTECELO

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de Secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 22 de outubro de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula DÉCIMA, indica que:

“O investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2024.



O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos aos que o mesmo se refire, ou vencemento do prazo máximo inicial ou prorrogado previsto neste convenio.”

III.- Que a cláusula NOVENA do mesmo convenio prevé unha Comisión de Seguimento e Control para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

IV.- Que o día 2 de novembro de 2023 a dita Comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización das actuacións previstas no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula DÉCIMA, isto é, o 31/12/2023, por mor da suspensión temporal dun convenio de cooperación entre o Concello e a Consellería de Sanidade e o Sergas cuxa obra interfere de cheo no seu trazado coa obra do novo vial a Montecelo, obxecto do presente convenio coa Deputación, polo que se acorda por unanimidade prorrogar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024, co obxecto de adecuar o convenio as necesidades de execución real das obras.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo” conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra sobre infraestrutura viaria e de servizos para a ampliación do Hospital de Montecelo”, ampliándose o mesmo ata o día 31 de decembro de 2024, data na que deberá estar executada e xustificada a actuación.

Segunda.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 22 de outubro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.”

- Facultar ó Presidente para formalizar a devandita addenda ao convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.



Sr. Presidente.- Os puntos 6 e 7 da orde do día son cambios de titularidade de estradas provinciais e logo posteriores entregas aos concellos, vou a enuncialos, ¿procedemos ao debate, ou comentarios en conxunto, facemos a votación sen máis? Votación. Vale.

6.8086.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DAS NEVES DO TREITO INICIAL DA EP-4204 AS NEVES – ESTACIÓN (EXPTE. 2022064519)**

Sr. Presidente.- Os puntos 6 e 7 da orde do día son cambios de titularidade de estradas provinciais e logo posteriores entregas aos concellos, vou a enuncialos, ¿procedemos ao debate, ou comentarios en conxunto, facemos a votación sen máis? Votación. Vale. Pois procedemos entón á votación do sexto punto da orde do día que é Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello das Neves do treito inicial da EP-4204 As Neves-Estación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

“Antecedentes.

O Concello de As Neves e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 13 de xaneiro de 2023 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “*Mellora da mobilidade peonil na EP-4204 As Neves-Estación, dende o p.q. 0+000 ao p.q. 0+550. Concello de As Neves*”.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello do treito inicial da estrada provincial EP-4204 As Neves – Estación, de 550 metros e coincidente cos puntos quilométricos 0+000 e 0+550.

O 9 de outubro de 2023 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de As Neves da antedita vía.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

– Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).



- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial da vía obxecto de transferencia en OITOCENTOS TRINTA E CATRO MIL CENTO SESENTA E SETE EUROS (834.167,00 €) e motívanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“O treito inicial da EP-4204 As Neves-Estación, do PQ 0+000 ao PQ 0+550, é un treito de funcionalidade municipal que na práctica forma parte da rede interior de comunicación da veciñanza cara á Estación de FFCC de As Neves. Trátase dun treito de sección estreita que na metade da lonxitude non dispón de ancho suficiente para o marcado horizontal do eixo viario, e que ten como funcionalidade a de acceso aos predios lindeiros.

Así pois, logo da amentada intervención feita na EP-4204 As Neves-Estación prevista no proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP-4204 As Neves-Estación, dende o p.q. 0+000 ao p.q. 0+550. Concello de As Neves”, e dada conta da realidade física actual considérase que este treito xa non ten o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Esta proposta de cambio de titularidade mantén á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, logo que se trata do treito inicial da estrada



provincial EP-4204 As Neves - Estación, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de As Neves poderá garantir un mellor mantemento e explotación deste treito de estrada, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación da mesma á súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre ela para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público. Infórmase favorablemente o seu cambio de titularidade a favor do Concello de As Neves de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Estes informes foron emitidos favorablemente en datas 31 de outubro e 9 de novembro de 2023 respectivamente.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de As Neves do treito inicial da estrada provincial EP-4204 As Neves–Estación, de 550 metros de lonxitude e coincidente cos puntos quilométricos 0+000 e 0+550.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ó Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

7.8087.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DO GROVE DE CATRO TREITOS ANTIGOS DA EP-9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE (EXPTE. 2022004053)**

Sr. Presidente.- Sétimo punto da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello do Grove de catro treitos antigos da EP-9101 O Grove-Igrexa de San Vicente. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

“Antecedentes.



O Concello de O Grove e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 9 de xuño de 2022 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Mellora da seguridade viaria na EP-9101 O Grove–Igrexa de San Vicente, do p.q. 1+000 ao p.q. 2+550. Concello de O Grove”.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello dos seguintes treitos antigos da estrada provincial EP-9101 O Grove – San Vicente:

- Treito antigo de 143 metros lineais situado no p.q. 0+630 (marxe esquerda).
- Treito antigo de 106 metros lineais situado no p.q. 1+160 (marxe esquerda).
- Treito antigo de 104 metros lineais situado no p.q. 1+990 (marxe esquerda).
- Treito antigo de 160 metros lineais situado no p.q. 2+300 (marxe esquerda).

O 10 de outubro de 2023 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de O Grove dos anteditos treitos antigos.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.



2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en CATROCENTOS CORENTA E DOUS MIL CENTO TRINTA E NOVE EUROS (442.139,00 €) e mótvanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“Os catro treitos antigos definidos anteriormente son consecuencia da mellora do trazado da estrada provincial e xa non forman parte do itinerario principal da EP-9101 O Grove–Igrexa de San Vicente, e, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, senón de elemento funcional da mesma, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Polo tanto, estes catro treitos xa non contan co carácter e funcionalidade vertebradora do territorio propio do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano, tendo como funcionalidade a de permitir o acceso aos predios e edificacións lindeiras.

As propostas de cambio de titularidade destes catro treitos antigos manteñen, á vez, o servizo público viario existente e as continuidades dos itinerarios dos que forman parte, logo que son treitos desvinculados do trazado principal da estrada, dando así cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de O Grove poderá garantir un mellor mantemento e explotación destes treitos de carácter e funcionalidade municipal, así como para levar un control máis directo sobre os mesmos para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público. Infórmase favorablemente o seu cambio de titularidade a favor do Concello de O Grove de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.



De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

Sr. López Font.- Pero no me cuente leyendas Sr. Cubela, no me haga ya más propaganda del plan de deportes, que está muy bien, si lo que estamos preguntando es si van hacer, preguntamos BNG y nosotros, ¿si van hacer un plan concreto para esto?, no vea fantasmas de estrategias entre otras cosas porque si habla de estrategias se está descubriendo usted así mismo, o sea, ¿que usted cuándo votó lo que yo dije, anteriormente estaba en la estrategia contra el gobierno provincial y no pensando ayudar a los gobiernos? ¿Estaba haciendo usted...? No, no, usted, usted que votó, usted que votó conmigo. Entonces miren, aquí hay unas soluciones muy sencillas, hay otra solución y es, que dado que la situación económica de la Diputación se ha descubierto finalmente que es buena, mantengan los 4 millones para deportes y pongan otros 4 millones para ayudar a los concellos con las inundaciones. Con lo cual contesto a BNG y le



contesto a usted, tienen 2 opciones, o hacer un fondo adicional o traspasar, ¡vale!, descartamos el origen y demás, lo que ocurre es que no nos van a engañar sin compromiso aquí ni retiramos la vinculación porque es un plan que tiene otro objetivo, pero lo más importante el no retirar esto de la moción significa que ustedes le niegan a los concellos ayudas en relación con las inundaciones, y ya no me tiene usted que responder, no tiene que ser usted quién me responda tiene que ser el Presidente quién tiene que decir si ante las 2 opciones que tiene, poner en esta moción lo que usted y el grupo del PP votó, o si el Presidente está en condiciones de decir y de comprometerse aquí, habrá millones para las inundaciones, en ese momento quitaríamos todo, ahora no quitamos absolutamente nada cuando lo único que pretenden es engañarnos, cuestión que nosotros no hicimos con ustedes porque aceptamos un texto que finalmente se consumó en un plan.

Sr. Presidente.- Ben, moitas grazas Sr. Font. Vamos entón a proceder a esta moción na que se propón a eliminación do Plan de infraestruturas para pasalo a outras ordes de prioridades, os cales para nós son todas prioridades, pero o Plan de infraestruturas deportivas sin lugar a duda. Polo tanto, procedemos á votación do punto 9 da orde do día que é a Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para reclamar da Deputación o traspaso dos 4 millóns de euros do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas a un plan de axuda urxente aos concellos afectados polos temporais do mes de outubro ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda rexeitada polos ... ¿Que?

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para reclamar da Deputación o traspaso de 4 millóns de euros do Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas a un Plan de axuda urxente aos concellos afectados polos temporais do mes de outubro.

10.8090.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A OFRECERSE PARA ACOLLER 35 INMIGRANTES AFRICANOS NA RESIDENCIA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE (EXPTE. 2023070335)**



Sr. Presidente.- Perdón, pasamos o punto número 10 da orde do día que é Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para instar á Deputación de Pontevedra a ofrecerse para acoller 35 inmigrantes africanos na residencia do Centro Príncipe Felipe. Ten a palabra o voceiro, a voceira, perdón, Ana Laura Iglesias, Voceira do Grupo Socialista.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidente. Moi bo día a todas e a todos. A Deputación de Pontevedra ten unha tradición acreditada de solidariedade cos pobos que sofren, así se manifestou claramente durante os dous últimos mandatos con accións como a aposta polo apoio ás ONGs que traballan no eido da cooperación internacional. Malia non ter competencias a Deputación de Pontevedra reforzou esta vocación de levar a súa acción social máis alá das fronteiras de España, integrándose no ano 2017 no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. En marzo de 2022, un momento especialmente cru no conflito bélico de Ucraína, a Deputación deu un paso máis e a anterior presidenta, Carmela Silva, anunciou a dispoñibilidade da administración provincial para acoller a 35 persoas refuxiadas na residencia do Centro Príncipe Felipe. Estes días estamos a vivir outra catástrofe humanitaria que afecta ao noso país, especialmente ao territorio da Comunidade Autónoma das Illas Canarias coa chegada dunhas 15.000 persoas que escapan dos seus países de orixe en busca dun futuro mellor para elas e para eles e para as súas familias, que foxen da fame, da miseria, das guerras e da falta de oportunidades. España, Galicia e a provincia de Pontevedra somos terra acolledora e solidaria porque fomos tamén terra de emigrantes, toca desmarcarse da vergoñenta insensibilidade dalgúns responsables políticos que tratan de vincular a inmigración coa delincuencia e que en lugar de arrimar o ombreiro diante dunha situación de emerxencia coma a que se está a producir en Canarias dedícanse a poñer pegas ou sementar odios. O mundo está a vivir momentos terribles, con conflitos crueis que nos removen e nos que as persoas máis débiles son as que máis sofren. En Palestina, en Ucraína e sobre todo en Africa, as guerras deixan de ser noticia a diario morren centos e centos de persoas e cando non morren polas bombas ou as balas morren no mar, apretuxados en precarias embarcacións nas que foxen perseguindo o soño dunha vida mellor. Votar a favor desta moción non é só necesario senón inevitable. Votar en contra sería unha indecencia. Esta Deputación debe decidir se é solidaria ou non, non hai sitio para ambigüidades. Por elo propoñemos esta moción ó Pleno para que a Deputación de Pontevedra volva a estar á altura ofrecendo as mesmas 35 plazas que ofertou no ano 2022 para acoller inmigrantes africanos e arrimar o ombreiro co Goberno de España na acollida destas persoas



que buscan un futuro mellor e escapan da guerra, da fame ou das dúas cousas. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Ana Laura. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Eu creo que hoxe aquí temos que mirar quen sale, bueno, en que situación está cada quen, porque por un lado o Sr. Cubela tuvo un lapsus impropio da súa xuventude ou o Sr. Font era vicepresidente e os demais non nos enteramos, cousa que pode ser, se cadra, pois, eu que era o vicepresidente pois igual non estaba, había outro exercendo e resulta que non o sabía, ¿non?, digo, non o sei, quero dicir, porque evidentemente, a intervención iba dirixida a el, é a segunda vez que o fai xa, é a segunda vez, non sei exactamente, era portavoz e demais, eu creo que Font, Carlos podes estar encantado, ¿non?, ou sea, estache aí recoñecendo unha categoría ou unha función que cumpriches moi ben pero non exactamente de vicepresidente pero bueno. Á parte do chascarrillo, con respecto ó fondo, evidentemente, que en coherencia co que se fixo no seu momento, estando no goberno e vamos e co asunto do que se trata e da sensibilidade que temos obviamente vamos a votar a favor.

Sr. Presidente.- Ben, moitas grazas César. Ten a palabra a Voceira do Grupo Provincial do Partido Popular María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Bueno, moitas grazas Presidente. A esta moción presentada polo Grupo Provincial do Partido Socialista presentamos unha emenda por parte do noso grupo, penso que teñen copia todos os grupos, co seguinte obxectivo, é dicir, o que pretende a emenda, evidentemente, é en positivo, evidentemente, a nosa intención de votar, evidentemente, si admiten a emenda, ou absternos senón a admiten, en ningún caso se valorou o noso voto en contra, pero, por eso lle digo que valore a nosa emenda, que vai en positivo, porque agradecería sinceramente que a aceptasen. Aquí o que se trata de dicir no primeiro punto e no segundo, se trata de instar ó Goberno Central a que coordine cos concellos e coa Deputación provincial a chegada das persoas migrantes e que informe con carácter previo e detallado do número e circunstancias de cada un deles a fin de prestar esa atención precisa nas mellores condicións. E no segundo punto é instar ao Goberno Central a explicar os criterios de reparto para corroborar tamén que o traslado destas persoas se realiza en función dos servicios que presenta o lugar de acollida. ¿Por que lle digo isto?



Porque, evidentemente, tal e como, bueno, trasladou no seu momento o Ministro competente o Sr. Escrivá, que agora xa non leva esa competencia, pero que era o Ministro competente naquel momento, pensamos, e teño ó meu lado un dos alcaldes que acolle migrantes no seu concello, como é o alcalde de Porriño, e ademais o concelleiro de Sanxenxo, que son as dúas localidades neste momento na provincia de Pontevedra que acollen migrantes, entendemos que se pudo facer mellor. Que é un tema sensible, evidentemente, que require discreción, coordinación, estudo, criterios de reparto, xestionar situacións e realidades, e me atrevería a dicir que non houbo moito disto. A Xunta, evidentemente, tampouco foi, pois, chamada, oída, consultada, requirida, porque tamén ten competencias en políticas sociais e sanitarias e tampouco sabe nada, os concellos afectados; se deu incluso a tesitura de que un concello non quixo e chegaron os migrantes a Porriño. En fin, claro que é un drama, e claro que veñen arriscando sen dúbida as súas vidas en busca dun futuro mellor, deso estamos absolutamente todos de acordo e na conciencia social que se tivo sempre desde a Deputación Provincial de Pontevedra, non solo co drama de Ucraína senón con anteriores dramas donde sempre por parte do Príncipe Felipe que é unha cidade infantil con posibilidades de desenvolvemento pero que sen dúbida tamén require unha inversión, moita inversión, me atrevería a dicir, e acondicionamento dun centro que pode estar destinado pois evidentemente como está a educación de menores pode condicionar e, por suposto, sempre con criterio, pero para non meter a pata, non un criterio para fiscalizar, non un criterio para discutir, un criterio para dar pasos que non xeneren despois problemáticas a maiores. Eu penso que os alcaldes neste caso de Sanxenxo e Porriño están dando un exemplo pero sen dúbida tamén un pouco o feito de requirir información, penso que entra dentro do mínimo que desexan pedir. Aquí do que se trata é evidentemente de que traten de admitir esa emenda pero con esa forma de instar ao Goberno Central para que aclaren, evidentemente, non para ofrecernos, parece un pouco que o que eu sonsaco do texto da propia moción, que parece que nos estamos ofrecendo a recoller un número determinado de migrantes cando foi o propio Ministro Escrivá o que dixo que a competencia exclusiva é do Estado, que os criterios os marcan eles, que hai que saber si veñen menores, teñen que vir acompañados, está por medio a Fiscalía de Menores, é dicir, é un trámite e unha burocracia administrativa que excede de, o que vostedes din no seu punto, “ofrecernos para acoller ese número determinado de migrantes”. Eu penso que sería moito máis real e adaptado o caso que se está dando ofrecer e instar ao Goberno Central, levantar a man, aquí está a Deputación de Pontevedra, igual que están os concellos da provincia, e, evidentemente, colaborar como se leva



facendo sempre. Eu agradecería esa inclusión de esa emenda porque, bueno, nos gustaría votar favorablemente á mesma. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Ben, moitas grazas Sra. Ramallo. Ten a palabra Dona Ana Laura Iglesias, de novo.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Sr. Presidente. Mire Sra. Ramallo, esta emenda que nos fan vostedes, bueno, amén de como está redactada i que na emenda pois poña vostedes que por todo elo o Grupo Socialista propón ó Pleno os seguintes acordos, pero bueno máis alá de temas de redacción decirlle que esto non é unha emenda en positivo para nada. Nós somos moi claros na nosa moción, o primeiro punto do acordo da nosa moción di textualmente “que a Deputación de Pontevedra comunique de inmediato ao goberno de Galicia, a Delegación do Goberno en Galicia a dispoñibilidade para acoller temporalmente a 35 persoas inmigrantes como mostra de solidariedade diante da crisis migratoria que está a sufrir a Comunidade Autónoma de Canarias” ¿Por que eliminan vostedes este punto? ¿Por que non fan aquí vostedes agora mesmo un alegato e poñerse a disposición de forma firme e afirmando rotundamente que están en disposición de poñer esas 35 plazas para poder acoller na nosa provincia, esta Deputación a 35 persoas inmigrantes vidas do continente africano? ¿Por que retiran este punto do acordo? E en cambio veñen vostedes aquí a instar ao goberno central que coordine, no, é que é moi claro, vostede dicía, non vimos aquí a ofrecernos, claro que si Sra. Ramallo, hai que ofrecerse, esta Deputación, esta administración, ten que ofrecerse ao Goberno do Estado, ten que ofrecerse estas 35 plazas para que poidan contar con eles e volver a ser a administración referencia en solidariedade como foi nos anos anteriores, nos 8 anos anteriores. Miren, a inmigración irregular é un fenómeno crónico, vai a estar aí ano tras ano, governe quen governe e fagamos o que fagamos. Vostede nomeaba a 2 concellos, está hoxe aquí ó seu lado, á parte, o Alcalde do Porriño e un concelleiro de Sanxenxo, nós lle aplaudimos a eses 2 concellos da provincia que se puxeron en disposición e que puxeron todo o que tiñan como concellos e como alcaldes a disposición para acoller a persoas inmigrantes ¿Por que non fai o mesmo a Deputación de Pontevedra? Teñen vostedes o mellor exemplo sentado ó seu carón. Mirar, é imposible poñer portas o mar, imposible frear a entrada de xente que literalmente xógase a vida cruzando o Atlántico ou o Mediterráneo; España sofre este problema como todos os países con fronteira, pero temos que ser e temos que ser contundentes aquí nesta Deputación e poñernos en disposición do Goberno do Estado para seguir sendo solidarios. É moi claro,



¿van vostedes ou non a poñerse a disposición do Goberno de España para acoller a 35 migrantes africanos que poidan estar aquí e ser acollidos na provincia de Pontevedra?

Sr. Presidente.- Moitas grazas Ana Laura. Ten a palabra de novo María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Bueno, moitas gracias Presidente. Bueno, a ver si sosegamos o debate. Eu penso que non me escoitou vostede, vostede non me escoitou no meu razoamento, non vamos a votar en contra, ¿pero me escoitou eso?, porque coa bronca que nos votou aquí a todos parecía que si. Vamos a ver, presentamos unha emenda non contra nadie porque lle digo o que pasou e precisamente como teño ó meu carón os casos que están acollendo na provincia de Pontevedra migrantes, porque xa que vostede corrixe, ¡claro que é un error! que a emenda non a presenta o Grupo Provincial Socialista, é un error de redacción, pero tamén, si se pon puntillosa tampouco hai que chamar inmigrantes se chaman migrantes, si nos poñemos retorcidos nos poñemos todos. Entonces, xa lle digo, o noso obxectivo de presentar esta emenda foi as directrices que deu o Ministro de Inclusión Social no seu momento o Sr. Escrivá. ¿Que pasa que solo Sanxenxo ou o Porriño poden acoller? Sabe que non, esto non se trata de ser o máis, o primeiro, senón de ser útil, non se trata de quedar ben se trata de ser útil, por eso presentamos esa emenda. Pero mira, a súa moción, si vostede non ten a xenerosidade de admitir a emenda porque a emenda fala do que eles pasaron. O Alcalde de Porriño se enterou que tiña os migrantes no seu concello a toro pasado, ¡eh!, nadie o chamou para nada, ¡eh!, as cousas son así. Entonces, ¡home!, un pouquiño de coordinación debería de haber, si veñen menores ou non, que necesidades sanitarias teñen, que necesidades sociais teñen, o problema do idioma, etc., etc., etc. Entonces, nin todo empezou na Deputación co goberno anterior porque hai sucesos anteriores onde houbo moita colaboración dende o punto de vista social por parte de ofrecer Príncipe Felipe para outras desgracias que viñeron no camiño nin agora hai que poñerse máis papista que o papa, non se trata de ofrecerse, si. ¿Por que 35 e non 43? Ou, ¿por que non 200? É que depende, claro, eu penso que, de verdade non é por, penso que a emenda é totalmente colaboradora, positiva, que permite ter claro os criterios de reparto, que permite coordinarse, que permite exactamente o mesmo que se dixo nesas conferencias sectoriales, ter a coordinación, foron o que lle dixeron á Xunta de Galicia, que non ofrecera por que xa lle dirían dende o Ministerio que era unha competencia exclusiva. Perfecto, si está ben que a coordinen pero que a coordinen ben, que a coordinen ben, e por suposto a Deputación sempre



colaborará con todos os gobernos porque esa é a súa función e ten unhas instalacións perfectas para facelo, agora é verdade que poderían estar mellor arregladas, esa é a verdade, requiren de inversión, e eso é o que trato de poñer de manifesto, independentemente diso apelaría de novo á súa xenerosidade, que admitira esta emenda, vai en positivo, vai en positivo para que eses criterios de reparto, non de Sanxenxo ou Porriño, que non sabían cantos migrantes terían nos seus concellos, senón para repartir cuns criterios obxectivos para ser útil, de eso é do que se trata. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas María. Pecha o turno de palabra Dona Ana Laura.

Sra. Iglesias González.- Mire, Sra. Ramallo, ¿como vamos a aceptar unha emenda na que o primeiro que fan vostedes é eliminar a poñerse a disposición para acoller a 35 migrantes? ¿Como vamos a facer iso? Si está aquí, primeiro punto do acordo “instar o Goberno central a que coordine bla, bla, bla”, e eliminaron vostedes o primeiro punto da moción que traemos nós aquí que é “poñerse a disposición do goberno para acoller 35 migrantes no Centro Príncipe Felipe”. ¿Van vostedes a facelo, si ou non? É así de sinxelo, non é máis que iso. ¿Vai facer o mesmo que fixo o alcalde que ten vostede ó seu lado ou se van a poñer de costas a este drama que está vivindo agora mesmo España? E tamén lle podemos preguntar si ¿van ou non a apoiar esta moción? na que decimos, claramente, que nos poñemos en contra e que condenamos expresamente todas as declaracións manifestadas por responsables de administracións públicas que se fixeron de forma degradante, como algunhas que lle podo leer, o Sr. Elías Bendodo, membro da directiva nacional do PP, cando dixo “hai un peligroso desbordamento da inmigración”; ou a Sra. Díaz Ayuso no que dixo “no pueden ser como fardos que se envían y se van dejando por la provincia”; o el Sr. Alfonso Serrano, secretario general del PP de Madrid, cuando dijo “se trasladan como a contenedores de mercancía”; o también le puedo decir lo que dijo Rafael Hernando, diputado do PP, “once mil plazas a pensión completa y a cargo del contribuyente español, esto es un suicidio nacional”; o el Sr. Guzmán Gómez, Alcalde del PP de Medina del Campo, “la llegada de los inmigrantes genera incertidumbre y miedo y más en la actual situación de alerta antiterrorista, pueden originar un brote de cualquier enfermedad”; o bueno, también podemos leerle lo que dijo el Sr. Salvador Escudero, concejal del PP en Torrox, “son como animales y traen el tifus”. Isto é o que din, esas son as declaracións que fan dirixentes do Partido Popular, eu entendo que agachen a cabeza porque é tremendamente vergonzoso, e isto é moi claro, esta moción é moi clara, ¿van



vostedes a acoller, a poñerse a disposición para acoller 35 migrantes no Príncipe Felipe e van vostedes a condenar estas declaracións que fixeron dirixentes do Partido Popular? Gracias.

Sr. Presidente.- Sra. Ana Laura, vai pasada do turno pero bastante. Non sei si nesa longa intervención se olvidou dalgún que fixo declaracións ó respecto, ¿rematou todos os que tiña que citar?, entendo, porque ó mellor, non, bueno, porque ó mellor había que dicir o que dixo o alcalde Socialista de Sobrados dos Monxes, que foi, que se negou, negouse a recibir inmigrantes. Polo tanto, a ese elenco de persoas que fixeron manifestacións ó respecto pois engadería tamén a do alcalde Socialista de Sobrado dos Monxes que rechazou de entrada recibir todos eses. Ben, pois, incorporado ese matiz procedemos á votación do punto número 10 da orde do día que é a Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para instar á Deputación de Pontevedra a ofrecerse para acoller 35 inmigrantes africanos na residencia do Centro Príncipe Felipe ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobada entón cos votos a favor dos grupos ..., con 13 votos.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP, aprobar a Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para instar á Deputación de Pontevedra a ofrecerse para acoller 35 inmigrantes africanos na Residencia do Centro Príncipe Felipe.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación de Pontevedra ten unha tradición acreditada de solidariedade cos pobos que sofren. Así se manifestou claramente durante os dous últimos mandatos con accións como a aposta polo apoio ás ONG que traballan no eido da cooperación internacional. Malia non ter competencias, a Deputación de Pontevedra reforzou esta vocación de levar a súa acción social máis alá das fronteiras de España integrándose no ano 2017 no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

En marzo de 2022, nun momento especialmente cru do conflito bélico en Ucraína, a Deputación deu un paso máis e a anterior presidenta, Carmela Silva,



anunciou a dispoñibilidade da administración provincial para acoller 35 persoas refuxiadas na residencia do Centro Príncipe Felipe.

Estes días estamos a vivir outra catástrofe humanitaria que afecta ao noso país, especialmente ao territorio da Comunidade Autónoma das Illas Canarias, coa chegada dunhas 15.000 persoas que escapan dos seus países de orixe en busca dun futuro mellor para eles e para as súas familias. Que foxen da fame, da miseria, das guerras e da falta de oportunidades.

España, Galicia e a provincia de Pontevedra somos terra acolledora e solidaria, porque fomos tamén terra de emigrantes. Toca desmarcarse da vergoñenta insensibilidade dalgúns responsables públicos que tratan de vincular a inmigración coa delincuencia e que, en lugar de arrimar o ombreiro diante dunha situación de emerxencia como a que se está a producir en Canarias, dedícanse a poñer pegas ou sementar odios.

Esta Deputación debe decidir se é solidaria ou non. Non hai sitio para a ambigüidade.

Por todo elo, o grupo socialista propón ao Pleno os seguintes:

ACORDOS:

1. Que a Deputación de Pontevedra comunique de inmediato á Delegación do Goberno en Galicia a dispoñibilidade para acoller temporalmente a 35 persoas inmigrantes como mostra de solidariedade diante da crise migratoria que está a sufrir a Comunidade Autónoma de Canarias.
2. Dar traslado deste acordo á FEGAMP, á FEMP e á Presidencia do Goberno de Canarias.
3. Condenar expresamente todas as declaracións e manifestacións de responsables de Administracións Públicas que están a demostrar racismo e xenofobia, ou, simplemente, falta de vontade de colaboración interterritorial entre tódolos pobos de España para resolver esta catástrofe humanitaria.”

Sr. Presidente.- Ben, continuamos ca orde do día, quedan todavía 5 puntos.



11.8091.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Non houbo.

b) Parte de información e control:

Sr. Presidente.- Entramos aquí na parte de información e control.

12.8092.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2023 (EXPTES. 2023069188 – 2023068070)**

Sr. Presidente.- Punto número 12. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2023.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de outubro de 2023, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 9 de novembro de 2023, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a



información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de outubro de 2023 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES OUTUBRO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Outubro	5,7705248672	6.640.780,25	5,8657754019	716.296,65	5,7797986100
Escola de Enfermería	Outubro	13,4547089418	2.680,22	0,0000000000	0,00	13,4547089418
Consorcio de Incendios e Salvamento	Outubro	21,0896265913	37.881,28	6,1393760626	9.140,02	18,1835906281
Consorcio Deza Tabeirós	Outubro	9,6366534300	5.794,11	14,1063809000	3.221,35	11,2337495943
TOTAL			6.687.135,86		728.658,02	5,8678515900

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



13.8093.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 26 DE OUTUBRO DE 2023 (NÚM. REXISTRO 2023008024) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP-4306 PONTE VAL – BARCIADEMERA, PQ 4+350, MARXE DEREITA (CONCELLO DE MONDARIZ)” (EXPTES. 2023069189 – 2023064614)**

Sr. Presidente.- Punto número 13 da orde do día. Dar conta da Resolución Presidencial de data 26 de outubro de 2023 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación do muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350 marxe dereita no Concello de Mondariz.

Por Resolución Presidencial número 2023008024 de data 26 de outubro de 2023 acordouse adxudicar á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF B27783463), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2023064614
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia “Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)”
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “... Coa execución dos traballos de desbroce das marxes da estrada EP-4306 Ponte Val-Barciademera, detéctase a existencia dun muro caído a altura do PQ 4+350, nunha zona de vexetación frondosa. A parte do muro que



quedou en pé carece de cimentación, estando apoiado directamente sobre un terraplén que co paso do tempo e coas cargas do tráfico se foi desmoronando producíndose un descalce no muro. Xusto nese punto discorre unha obra de drenaxe transversal, coincidente cun regato innominado do Río Tea. Como consecuencia desta situación détectanse asentamentos lonxitudinais e o afundimento do carril dereito, debido a que polo exposto anteriormente o muro se atopa nunha situación de inestabilidade que pode derivar nun colapso (...). Debido a que non é posible garantir a estabilidade do terraplén é necesaria unha actuación de emerxencia para manter a vialidade e evitar riscos de danos maiores antes de que se vexa afectada a calzada e o tráfico rodado...”.

Resultando.- Que se recolle no mesmo informe que as obras a executar atópanse en zona de policía de leitos, polo que se vai solicitar a correspondente autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Resultando.- Que tamén se recolle que a estimación do custe da obra ascende a 40.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, e un prazo de execución estimado de dous (2) meses, propoñéndose á empresa Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF B27783463) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202300217075 por importe de 40.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.-Que con data 23/10/2023 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación, recollido o seguinte: “Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que se comprobou que existe un afundimento no firme do carril dereito da EP-4306 Ponte Val- Barciademera, debido á existencia de parte dun muro caído á altura do p.q. 4+350. Isto provoca que o muro se atope nunha situación de inestabilidade que pode derivar nun colapso non sendo posible garantir a estabilidade do terraplén.

Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico, faise preciso actuar para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores antes de que se vexa afectada a calzada e o tráfico rodado, tramitando este expediente a solicitude do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais polo procedemento de emerxencia, debendo no caso de ser necesaria, solicitar á maior brevidade posible a autorización á Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter



de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso á existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A.U. o Lote 3 do “Acordo Marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de inicio de expediente, á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A.U. (CIF A82876905), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)”.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 09/11/2022 no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do



proxecto de gasto código nº 2023064614, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300217085.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do RDL 781/86, de 18 de abril, e 61 do RD 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)".
2. Autorizar o gasto por importe de 40.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF B27783463) o contrato "Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)" por importe de 40.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	33.057,85 €
IVE (21%)	6.942,15 €
Importe total	40.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en dous (2) meses.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:



- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2023064614.

5. Adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A.U. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)" (Expte 2023065087), por un importe de 958,13 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	791,84 €
IVE (21%)	166,29 €
Importe total	958,13 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo a vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023065087.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023 tomou coñecemento do contido da



Resolución Presidencial número 2023008024 de data 26 de outubro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF B27783463) o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como na base 16ª 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2023008024 de data 26 de outubro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF B27783463) o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-4306 Ponte Val-Barciademera, PQ 4+350, marxe dereita (Concello de Mondariz)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido.

14.8094.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 31 DE OUTUBRO DE 2023 (NÚM. REXISTRO 2023008171) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE NOIRO NA EP-0001 BÉRTOLA-CANICOUVA-PONTE SAMPAIO, PQ 3+380 (CONCELLO DE PONTEVEDRA)”(EXPTES. 2023069190 – 2023065508)**

Sr. Presidente.- Punto número 14. Dar conta da Resolución Presidencial de data 31 de outubro de 2023 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación de noiro na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 no Concello de Pontevedra.

Por Resolución Presidencial número 2023008171 de data 31 de outubro de 2023 acordouse adxudicar á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B27783463), o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 120.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:



Nº Expediente	2023065508
Asunto	Adxudicando a Obra de emerxencia para "Reparación de noiro na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)"
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que figura no expediente con CSV: 7J4S07B51FZU9LVB, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Reparación de noiro na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante a terceira semana do mes de outubro houbo un derrube do talud existente na marxe dereita do PQ 3+380 da estrada provincial EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio (Concello de Pontevedra). No recorrido de zona preventivo realizado polo vixiante responsable da zona, este advirte do grave perigo existente polo desbordamento da auga e arrastres na calzada que dana seriamente o noiro que sustenta a estrada provincial (...). Elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores.”.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 120.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, e un prazo de execución estimado de dous (2) meses, proponéndose á empresa Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF:B27783463) para a execución dos traballos, pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de dous (2) meses, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202300220776 por importe de 120.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 30/10/2023 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante a terceira semana do mes de outubro houbo un derrube do talud existente na marxe dereita do PQ 3+380 da estrada provincial EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio comprobándose que



se advirte un grave perigo existente polo desbordamento da auga e arrastres na calzada que dana seriamente o noiro que sustenta a estrada provincial. Elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar un risco e unha grave interferencia na circulación, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”



Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L. (CIF B81470841) o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse, no informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que figura no expediente con CSV: 7J4S07B51FZU9LVB, á empresa Ingeniería y Prevención de Resgos, S.L. (CIF:B81470841), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Reparación de talud na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)", por un importe estimado de 768,35 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 30/10/2023 no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2023065508, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300220793.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do RDL 781/86, de 18 de abril, e 61 do RD 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de talud na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)".
2. Autorizar o gasto por importe de 120.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF B27783463), o contrato de obras "Reparación de talud na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)" por importe de 120.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	99.173,55 €
IVE (21%).....	20.826,45 €
Importe total.....	120.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona Belén Pampín Camino, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



O prazo de execución estímase en dous (2) meses.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2023004509.

5. Adxudicar á empresa Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Reparación de talud na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)" (Expte 2023066399), por un importe de 768,35 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	635,00 €
IVE (21%)	133,35 €
Importe total	768,35 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.631.01. do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da



Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023066399.

Detectado un erro na Resolución Presidencial número 2023008171 de data 31 de outubro de 2023 que afecta á aplicación orzamentaria a que se imputaba o gasto, a través de Resolución Presidencial número 2023008329 de data 6 de novembro de 2023 procedeuse á corrección do mesmo. O contido da resolución é o seguinte:

Nº Expediente	2023065508
Asunto	Corrixindo erro na adxudicación da Obra de emerxencia para "Reparación de noiro na EP 0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)"
Trámite	Corrección erro

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Visto o erro padecido na Resolución Presidencial de declaración de emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de talud na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)".

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

RESOLVO,

- Corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)



Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/232.2312.631.01. do vixente orzamento provincial. (...)

DEBE DICIR:

(...)

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial. (...)

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2023008171 de data 31 de outubro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF B27783463) o contrato para a execución da obra “Reparación de noiro na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 120.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como na base 16ª.1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2023008171 de data 31 de outubro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF B27783463) o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na EP-0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 120.000,00 euros, IVE engadido.

15.8095.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 10 DE NOVEMBRO DE 2023 (NÚM. REXISTRO 2023008435) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DA OBRA “EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NO PQ**



**6+000 DA EP-5002 A CAÑIZA-MOURETÁN
(CONCELLO DE A CAÑIZA)” (EXPTES. 2023069193 –
2023068041)**

Sr. Presidente.- Punto número 15 da orde do día. Dar conta da Resolución Presidencial de data 10 de novembro de 2023 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento da obra “Execución de muro de contención no punto quilométrico 6 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán, no Concello da Cañiza.

Por Resolución Presidencial número 2023008435 de data 10 de novembro de 2023 acordouse adxudicar á empresa, MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A. (CIF A32118705), o contrato para execución da obra “Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2023068041
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia “Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza)”
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte
RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...A sucesión de temporais que se leva sufrindo na provincia, deixou graves incidencias nas estradas debido ás choivas torrenciais que provocan arrastres, os cales están a producir graves danos ás infraestruturas viarias.- No último deles se viu afectada gravemente a estrada EP-5002 A Cañiza-Mouretán, na que á altura do seu PQ 6+000 se produciu un derrubamento do talude da plataforma, nunha lonxitude considerable. Foi preciso restrinxir a circulación do tráfico rodado nun dos seus carrís e, para garantir a viabilidade e evitar que se agraven os danos, precisa dunha actuación urxente para o sostemento da estrada. Tras a inspección do seu estado actual foi necesario realizar desvíos de tráfico para garantir a seguridade dos usuarios da vía. As obras necesarias para restituír os danos causados consisten na construción dun muro de sostemento e na reposición do carril de circulación afectado. En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a viabilidade e evitar riscos de danos maiores...”.



Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 50.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A. (CIF A32118705) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202300225298 por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 09/11/2023 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que debido á sucesión de temporais que leva sufrido a provincia, veuse afectada gravemente a estrada EP-5002 Cañiza-Mouretán, na que se produciu un derrubamento do talude da plataforma nunha lonxitude considerable, sendo necesario restrinxir a circulación do tráfico rodado nun dos seus carrís. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar riscos de danos para a seguridade do elemento, do conxunto e calquera risco de dano a maiores, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito,



da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A82876905), o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U., para a adxudicación do contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde obra de emerxencia "Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza)", por un importe estimado de 958,13 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 09/11/2023 no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2023068041, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300225340.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza)".



2. Autorizar o gasto por importe de 50.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

3. Adxudicar á empresa MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A. (CIF A32118705) o contrato de obras “Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza)” por importe de 50.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	41.323,31 €
IVE (21%)	8.677,69 €
Importe total	50.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2023068041.



5. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde Obra de emerxencia "Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza) (Expte 2023068386), por un importe de 958,13 € de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	791,84 €
IVE (21%).....	166,29 €
Importe total.....	958,13 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023068386.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2023008435 de data 10 de novembro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Misturas, Obras e Proxectos, S.A. (CIF A32118705), o contrato para execución da obra “Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como na base 16ª 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da



Resolución Presidencial número 2023008435, de data 10 de novembro de 2023, pola que se adxudicou a empresa, Misturas, Obras e Proxectos, S.A. (CIF A32118705), o contrato para execución da obra “Execución de muro de contención no PQ 6+000 da EP-5002 A Cañiza-Mouretán (Concello de A Cañiza)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido.

16.8096.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 10 DE NOVEMBRO DE 2023 (NÚM. REXISTRO 2023008443) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA MARXE DEREITA DA EP-2104 PANXÓN-PATOS, DENDE O PQ 0+080 AO PQ 0+330 (CONCELLO DE NIGRÁN)” (EXPTES. 2023069194 – 2023068044)**

Sr. Presidente.- Punto número 16. Dar conta da Resolución Presidencial de data 10 de novembro de 2023 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, desde o PQ 0+080 ata o PQ 0+330 no Concello de Nigrán.

Por Resolución Presidencial número 2023008443 de data 10 de novembro de 2023 acordouse adxudicar á empresa, CIVIS GLOBAL, S.A. (CIF B36684157), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 150.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2023068044
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia “Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)”
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte



RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: "...Co gallo dos fortes temporais de vento e mar sufridos na costa galega, detéctase o luns 30 de outubro uns danos significativos no muro de contención da EP-2104, situado na praia da Madorra en Panxón (Nigrán). Este tramo da vía provincial (cuns 250 ml. de lonxitude) discorre por un tramo urbano e conta cun paseo marítimo constituído por unha pasarela de madeira en voladizo sobre a praia da Madorra. A estrada se sustenta mediante un muro de cachotería construído no límite do dominio público marítimo-terrestre. Este muro estase vendo afectado polas mareas e os temporais. Coincidindo co temporal do último fin de semana de outubro e a preamar máxima (mareas vivas), o muro de sostemento viuse afectado de maneira grave, xerando un risco para os usuarios da estrada. Ademais, o mar neste temporal levou toda a area da praia (aproximadamente 1 m de altura), quedando as rochas do fondo á vista, e quedando a cementación do muro no aire, podéndose comprobar o mal estado desta. Como consecuencia de todo elo procedeuse a cortar o tránsito peonil polo paseo así como a desviar o tráfico rodado. Unha vez inspeccionada minuciosamente a zona compróbase que ademais do derrubamento do muro de contención en dous tramos contiguos, tamén hai outras zonas danadas, faltando pedras do muro, e constátase a presenza de danos xeneralizados, advertindo da presenza de ocos dentro da estrutura que favorecen o lavado de finos do material que sustenta a estrada (o cal é area da duna, non sendo material adecuado para o recheo de trasdós do muro). Todo elo lévanos a advertir do probable colapso do muro co paso dos próximos temporais de mar, xa que as mareas chegan ata o muro e este fai de rompe ondas. A calzada tamén se viu afectada por este desmoronamento, producíndose unha fenda lonxitudinal na mesma, signo do afundimento...".

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 150.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa CIVIS GLOBAL, S.A. (CIF: B36684157) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de TRES (3) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.



Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202300225300 por importe de 150.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 09/11/2023 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que debido á sucesión de temporais de vento sufridos na costa galega, detectáronse danos significativos no muro de contención da EP-2104, situado na praia da Madorra en Panxón (Nigrán) sendo precisas obras de reparación do muro existente e de reforzo da base do mesmo, para o que é necesaria a desmontaxe da pasarela, a demolición e reconstrución do muro nas zonas afectadas, o recheo con materias adecuados, así como a reposición da rede de drenaxe e o paquete de firme na zona afectada. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar riscos de danos para a seguridade do elemento e antes de que se vexa afectado o resto do muro do paseo marítimo, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.



Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión”.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A82876905), o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U., para a adxudicación do contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia “Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)”, por un importe estimado de 1.379,05 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 09/11/2023 no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2023068044, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300225341.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª



apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)".

2. Autorizar o gasto por importe de 150.000 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

3. Adxudicar á empresa CIVIS GLOBAL, S.A. (CIF B36684157) o contrato de obras "Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)" por importe de 150.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	123.966,94 €
IVE (21%).....	26.033,06 €
Importe total.....	150.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en TRES (3) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo Centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:



- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2023068044.

5. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia "Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)" (Expte 2023068387), por un importe de 1.379,05 € de acordo co seguinte detalle:

Importe	1.139,71 €
IVE (21%)	239,34 €
Importe total	1.379,05 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:



Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006112; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023068387.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2023008443 de data 10 de novembro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Civis Global, S.A. (CIF B36684157), o contrato para a execución da obra “Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 150.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como na base 16ª 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2023008443, de data 10 de novembro de 2023, pola que se adxudicou á empresa, Civis Global, S.A. (CIF B36684157), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na marxe dereita da EP-2104 Panxón-Patos, dende o PQ 0+080 ao PQ 0+330 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 150.000,00 euros, IVE engadido.

17.8097.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sr. Presidente.- O punto número 17. Dar conta das Resolucións Presidenciais.

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 24 de outubro e 20 de novembro de 2023.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL comprendidas entre o 24 de outubro e o 20 de novembro de 2023.

18.8098.- **ROGOS E PREGUNTAS**



Sr. Presidente.- E pasamos ao punto número 18 que é Rogos e Preguntas. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Vou a reiterar un rogo que debo de levar facendo, pois se cadra, hai vinte anos, eu que sei, dende logo hai moitos. As cadeiras presidenciais son incómodas, son incómodas, non son especialmente ..., pero estas son terroríficas, son un atentado para a espalda, son un absoluto atentado para a espalda e máis pas pousadeiras. Non sei, a ver se teño sorte, levo insistindo neste desde, creo que desde Abeledo, ¡eh!, ou sexa, que xa, imaxínense, a ver si hai sorte, a Sra. Ramallo rise porque estivo aquí hai dez anos e ..., a ver se hai sorte e se cadra incluso ata colabora outras, ¡que va!, á parte da saúde e digamos da espalda e tal, igual colabora tamén a que a xente se relaxe máis e non ..., porque claro ao estar incómodo pois se excita, e se vén arriba, e fai así, ¿non?, intervencións moi esaxeradas. A ver se teño sorte, ¿non?; outra é esta de aí, pero esa é un pouco posterior, esa de aí que un día eu non sei como estaba, e veremos se non se lle cae na cabeza a quen ..., entroume a preocupación cando me tuven que sentar aí algunha vez, que non sei que pinta aí, e leva xa dende, non sei de que anos, e non vaia ser que un día se veña abaixo, igual que eso de aí. Pero bueno, en todo caso se temos sorte cos, si logro eso, pois será, bueno, despois de moitos anos insistindo pois se cadra lógrase, a ver, hai que ser perseverante, a ver se hai sorte.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Vaime ter que explicar, que eu levo pouco tempo nesta casa, a ver por que non se fixo, por exemplo, nos últimos oito anos, algunha explicación terá. Vostede tiña responsabilidades, ¡eh!, e podía decidir. Bueno, nada. Seguimos. Ten a palabra D. Gorca Gómez.

Sr. Gómez Díaz.- Grazas Presidente. Bos días a todos e todas. Bueno, ante a polémica suscitada no día de onte pola falta de transparencia co escándalo acontecido coa venta de entradas do partido da selección feminina española en Pasarón, queríamos preguntar: ¿cando pensa o Presidente da Deputación dar explicacións sobre este tema?, e saber, ¿cantas entradas foron postas á venda?, e ¿cantas entradas recibiu a Deputación?, e ¿con que criterios se repartiron esas entradas? Gracias.

Sr. Presidente.- ... fixeches catro preguntas.



Sr. Gómez Díaz.- Non, é unha.

Sr. Presidente.- Non, non, eu aplico a fórmula que tiña a anterior Presidenta, creo que van catro preguntas. Formula tres. Así que ¿cal deixamos das catro sen ...?. Son catro as formuladas. ¿Cal deixamos sen ...?

Sr. Gómez Díaz.- ¿Cando vai a dar explicacións o Presidente sobre as entradas recibidas pola Deputación e o seu reparto?

Sr. Presidente.- Vale. Moi ben. A seguinte pregunta, Ana Laura.

Sra. Iglesias González.- Grazas Presidente. A nosa pregunta é ¿vai o Sr. Presidente a cuestionar publicamente as indecentes declaracións vertidas polo Alcalde de Vilanova en presenza dos deputados Isabel Couselo e Javier Tourís, onde se nos chamou “chusma socialista”?, ou polo contrario, ¿está vostede de acordo con elas? Grazas.

Sr. Presidente.- Son dúas preguntas. ¿Con cal delas? Son dúas. ¿Con cal nos quedamos? A ver, son dúas preguntas, non estou inventando nada, o regulamento non o aprobamos nós ... A ver, se poño comas e vou engadindo “teque, teque, teque, ...”, é unha pregunta.

Non se escoita dende o tempo 02:12:57.00 ao 02:13:13.21.

Sr. Presidente.- Pregunta clara e conta como unha unidade. ¿Máis preguntas?. Non. Vale, pois damos por rematado este Pleno. Moitas grazas. Bo día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e catro minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

